

Guía e outros aspectos básicos para a elaboración do proxecto educativo das escolas infantís 0-3





rede de escolas infantís de Galicia

Guía e outros aspectos básicos para a elaboración do proxecto educativo das escolas infantís 0-3

Consellería de Traballo e Benestar
Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

ÁREA DE ESCOLAS INFANTÍS
Santiago de Compostela
2015

SUPERVISIÓN DA PUBLICACIÓN

M.^a del Carmen García Campelo

EQUIPO REDACTOR

Xoana Alonso Pereiro

Membro do Equipo de Atención Educativa (EAE) das escolas infantís xestionadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (CGSIB) dende novembro 2010 ata xullo de 2012. Actualmente é mestra da EI de Moaña.

María de los Dolores Alvedro Cao

Membro do EAE das escolas infantís xestionadas polo CGSIB dende novembro de 2011.

Rocío Buño Mallo

Membro do EAE das escolas infantís xestionadas polo CGSIB dende outubro de 2013.

Lois Ferradás Blanco

Profesor Titular de Didáctica na Facultade de Ciencias de Educación da Universidade de Santiago de Compostela.

José Pablo Franco López

Membro do EAE das escolas infantís xestionadas polo CGSIB dende xuño 2008.

María Xosé González Cruz

Membro do EAE das escolas infantís xestionadas polo CGSIB dende novembro de 2012.

Cristina Llinares Francisco

Membro do EAE das escolas infantís xestionadas polo CGSIB dende xuño de 2008 ata xullo de 2012. Actualmente é Directora da EI de Tui.

Beatriz López Seijo

Membro do EAE das escolas infantís xestionadas polo CGSIB dende novembro de 2010 ata marzo de 2014. Actualmente é mestra na EI de Culleredo Fonte da Balsa.

Vanessa Loureiro García

Membro do EAE das escolas infantís xestionadas polo CGSIB dende decembro 2012.

Iria Mantilla Álvarez

Membro do EAE das escolas infantís xestionadas polo CGSIB dende setembro de 2011 ata agosto de 2013. Actualmente é mestra na EEI de Vila Laura (Vigo).

Herminia Piñón Custodio

Membro do EAE das escolas infantís xestionadas polo CGSIB dende o novembro de 2010.

María Teresa Quelle Vidal

Membro do EAE das escolas infantís xestionadas polo CGSIB dende novembro de 2010.

Isabel Río Salgado

Membro do EAE das escolas infantís xestionadas polo CGSIB dende xuño de 2008.

María Teresa Saco Coya

Membro do EAE das escolas infantís xestionadas polo CGSIB dende outubro de 2013.

Fernando Sueiro Barreiro

Membro do EAE das escolas infantís xestionadas polo CGSIB dende xuño de 2008 ata marzo de 2014. Actualmente é mestre no centro experimental de innovación e integración O Pelouro (Caldelas de Tui).

FOTOS

Escolas infantís do CGSIB.

1ª Edición 2015

Depósito legal: C 1133-2015

ISBN: 978-84-453-5191-8

Maqueta e impresión: Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

A educación infantil reconécese a nivel mundial como unha etapa plenamente educativa. É por isto que os centros dedicados á atención da primeira infancia e, en concreto, as escolas de 0 a 3 anos, deben facer unha aposta por crear contextos educativos que respondan ás necesidades reais das nenas e nenos e das súas familias.

A atención privilexiada nos cuidados aos nenos e nenas por parte do conxunto das e dos profesionais que os atenden son fundamentais para o seu desenvolvemento saudable. Nese momento é onde se constrúen os cimentos da persoa, polo que unha educación axeitada dende as primeiras idades é a esencia da sociedade futura.

Poñemos nas mans da Rede de escolas infantís de Galicia e das e dos profesionais da educación esta guía co obxecto de achegar información actualizada sobre aspectos básicos para a elaboración do proxecto educativo das escolas. Este documento parte da reflexión, o debate e a selección de proxectos que con entusiasmo son compartidos e mellorados por e para toda a comunidade educativa.

Como conselleira de Traballo e Benestar, agardo que esta guía sexa unha ferramenta que axude á mellora da calidade de vida dos nenos e nenas de Galicia e das súas familias.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

*Queremos dedicar esta guía, en primeiro lugar,
á memoria do noso compañeiro Carlos Santos Mato,
impulsor do traballo en rede que, dándolle moitas
voltiñas ás cousas da infancia, vivía por e para ela.*

*Igualmente queremos dedicala a todas as nenas e todos os
nenos, ás súas familias e profesionais que no seu día a día
amosan ilusión por seguir construíndo un proxecto común.*

PRÓLOGO	9
1. INTRODUCCIÓN	19
2. DEFINICIÓN DA ESCOLA INFANTIL	23
2.1. Referencia histórica.....	25
2.2. Niveis educativos.....	25
2.3. Titularidade.....	26
2.4. Marco legal e administrativo.....	26
3. ANÁLISE DO CONTORNO	27
3.1. Características do contorno.....	29
3.2. Características do centro.....	29
3.2.1. Marco administrativo.....	29
3.2.2. Espazos interiores e exteriores.....	29
3.2.3. Recursos.....	29
3.2.3.1. Recursos humanos.....	29
3.2.3.2. Recursos materiais.....	30
4. SINAIS DE IDENTIDADE E INTENCÍONS EDUCATIVAS	31
4.1. Obxectivos xerais do centro.....	33
4.2. Liña pedagóxica e principios básicos da acción educativa.....	35
4.3. Trazos de identidade.....	44
4.3.1. Infancia.....	44
4.3.2. Atención á diversidade: escola para todas e todos.....	45
4.3.3. Familia e comunidade.....	47
4.3.4. Profesionalidade.....	48
4.3.4.1. Papel do persoal da infancia.....	49
4.3.4.2. Traballo en equipo.....	52
4.3.4.3. A formación do profesorado.....	54
4.3.4.4. A ética profesional.....	56
4.3.5. A rede como comunidade de aprendizaxe.....	59
4.3.6. Momentos do cotián.....	61
4.3.7. Ambiente lingüístico.....	64
4.3.8. Principios metodolóxicos.....	66
5. ESTRUCTURA E FUNCIONAMENTO DO CENTRO	75
5.1. Organigrama e funcións.....	77
5.1.1. A figura de dirección como coordinadora de equipo de traballo.....	77
5.1.2. A figura do persoal educativo como pilar da escola.....	78
5.1.3. A figura do persoal non docente como peza chave na organización da escola.....	78
5.2. Órganos do centro.....	79
6. PROPOSTA PEDAGÓXICA	81
7. AVALIACIÓN	85
7.1. A avaliación das relacións entre as nenas e os nenos.....	87
7.2. A avaliación das relacións coas familias.....	88
7.3. A avaliación da relación no equipo da escola.....	88
7.4. A avaliación da relación co contorno.....	89
8. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS E LEXISLATIVAS	93



PRÓLOGO

rede de escolas infantís de Galicia

“Un proxecto é o que debuxamos para ver como se fai algo”

(Ana, 5 anos)

Acompañar as autoras e autores desta guía para a elaboración do proxecto educativo dunha escola infantil 0-3 axudoume a reflexionar sobre o sentido dese proceso. Comparto cos lectores e lectoras estas reflexións, que serven así de presentación.

Facer proxectos

Os termos “proxecto” e “proxectar” (do latín *projectum* = acción de lanzar cara adiante) veñen significar pensar, idear algo que se quere facer e o modo de facelo. Proxectar implica a posibilidade de imaxinar o futuro, de dirixir os pensamentos cara a mundos posibles, de emprender percorridos de construción de contextos, ambientes, escenarios, novas accións, ... antes de facelos presentes.

En moitos campos do saber e das prácticas profesionais o deseño de proxectos desempeña un rol central. Así, acontece na arquitectura como arte, ciencia e técnica da construción de ambientes e paisaxes; na enxeñería como conxunto de ciencias e técnicas aplicadas ao deseño e realización de máquinas, plantas industriais e construcións de todo tipo; tamén no deseño industrial e no ámbito social; de igual modo é importante a realización de bosquejos na moda, no cine e no teatro.

En Pedagogía e en Didáctica é abundante a literatura sobre as teorías e modelos de planificar ou proxectar. Unha mostra son as propostas didácticas orientadas ao traballo por proxectos.

Tamén se pode pensar na propia vida como proxecto, baseado en valores e modelos de comportamento axeitados para comprender e resolver problemas e para a toma de decisións, dentro dunha trama de relacións e dispoñendo dos recursos necesarios, aberto ao imprevisto, ao non determinado, ao cambio dinámico. Proxectar é, polo tanto, un dos trazos esenciais da experiencia humana porque conecta o coñecido ata ese momento coa idea, a intención de modificalo, transformándoo de maneira non completamente previsible, imaxinando creativamente e actuando con método. O proxecto é un soño con prazos ou etapas: nace dun desexo, nunha necesidade, dunha curiosidade, dun problema, dun obxectivo, ten a súa evolución e chega ao teu termo.

Facer proxectos, ademais, é unha actividade de anticipación, de prefiguración que, tendo en conta o pasado, o aprendido das experiencias, reconfigura o presente e trata de proxectar no futuro con estratexias e accións orientadas a incidir no ambiente e nas persoas, modificándoas de modo consciente.

Facer proxectos é unha actividade complexa, de nivel superior, cognitiva e metacognitiva: require capacidade de escoita, de exploración e de identificación, capacidade de formular o problema, de atención e focalización sobre un fenómeno limitado, de indución e dedución, de análise e de síntese.

Ao mesmo tempo, facer proxectos é unha actividade construtiva e creativa porque imaxina novos supostos e solucións alternativas que se enfrontan ao desafío do indefinido e do imprevisto prevendo continuas accións de seguimento e de axuste nun proceso cíclico de interacción entre o facer e o comprender. Por isto, a capacidade de proxectar enraíza na potencialidade expresiva e comunicativa de cada ser humano, na potencialidade das diversas intelixencias.

A actividade de proxectar non é só un instrumento para reflectir con vistas a actuar, senón que é principalmente unha reflexión aberta, unha forma de facer preguntas, de interrogarse sobre como facer; podemos dicir que é unha forma metarreflexiva de pensamento que identifica e reconduce o senso das accións para as persoas ou suxeitos implicados en determinadas actividades.

Proxecto educativo

Calquera centro educativo, incluídos os de menor tamaño ou os que acollen a nenas e nenos pequenos, é unha realidade complexa: pola multiplicidade de persoas implicadas, pola variedade de tarefas que debe realizar e dos obxectivos que debe acadar, polas múltiples relacións que teñen lugar no seu interior e co seu contexto, polas súas repercusións a curto e a longo prazo na vida das persoas, pola problemática dos valores que inspiran o seu labor,... Por isto, poñer en marcha e xestionar un centro ou servizo educativo de forma eficaz esixe unha acción coherente (por exemplo, entre diagnóstico de necesidades e obxectivos, entre principios proclamados e accións levadas a cabo), coordinada e solidaria de todas as persoas que nel participan; de maneira destacada dos e das profesionais que desempeñan nel o seu labor e tamén dos restantes membros da comunidade educativa. De non ser así, a experiencia ten demostrado que as formas de traballo educativo e de xestión baseados en actuacións puramente intuitivas, inconexas, contraditorias, pouco planificadas ou que obedecen a situacións de urxencia,... non se consolidan, xeran incerteza, consomen enormes esforzos e dan poucos froitos. Segundo razóns como as expostas, na últimas décadas implantáronse

normas que establecen a obriga dos centros de redactar os seus proxectos educativos e os equipos educativos foron respondendo a esta esixencia facendo as súas propostas, non sen dificultades e problemas.

Enténdese habitualmente que a función básica do proxecto educativo é proporcionar un marco global do centro que facilita a actuación coordinada e eficaz do equipo educativo. Este marco debe ter en conta a situación concreta do centro no seu contexto e debe considerar e dar resposta a aspectos básicos como: estrutura organizativa, análise do contexto, obxectivos e funcionamento do centro.

Trátase, pois, de que os centros, neste caso as escolas infantís de 0 a 3 anos, se doten dun plan en tanto que institución que lle facilite a toma de decisións de cara a:

- Evitar, por unha parte, a rutina, actuar por costume e sen pararse a pensar se o que se fai ten sentido e valor e, por outra, a improvisación impulsiva, casual e carente de fundamento.
- Reducir as marxes de incerteza, de esforzos que non chegan a frutificar, de actuacións contraditorias.
- Elaborar criterios comúns entre os distintos membros da comunidade educativa de cara a gañar en coherencia e en confluencia de intereses.
- Clarificar os obxectivos que a escola se propón e prever os medios dos que dispón para conseguilos.
- Coordinar a participación e a implicación de todos os membros da comunidade educativa, especialmente dos profesionais da educación.
- Mellorar as capacidades dos e das profesionais para unha xestión máis eficaz do centro.
- Configurar pouco a pouco un centro que vaia forxando a súa propia personalidade e situado no seu contexto.

Os centros ven limitada a calidade da súa acción educativa se non dispoñen do seu proxecto educativo ou se o proceso de elaboración respondeu soamente a unha esixencia burocrática, con escaso diálogo e participación ou entendendo o seu resultado como pechado e estático. Pola contra, a súa elaboración debe ser considerada como un proceso progresivo e dinámico no que se compromete todo o equipo do centro e se proporciona unha ferramenta eficaz para a súa xestión. O documento que se ofrece pretende ser unha axuda para este proceso.

Proxecto educativo para as escolas infantís de Galicia

A elaboración do proxecto educativo foi tema de traballo nas xornadas de formación organizadas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o persoal

educativo que se incorporaba ás súas escolas infantís. Os seus responsables apoiaron este proceso de reflexión e de toma de decisións, conscientes da súa repercusión na calidade da acción educativa destes centros. Esta proposta de proxecto educativo ten en parte a súa orixe na ampliación, sistematización e actualización que do material daquelas xornadas de formación fai o Equipo de Atención Educativa. Con isto pretende ofrecer unha ferramenta práctica que axude a facer ordenadamente o percorrido que cada escola ha de facer para definir o seu proxecto educativo. Fun testemuña do laborioso e longo proceso de elaboración desta proposta, da busca da mellor estrutura, da discusión sobre os aspectos que se debían incluír, do debate sobre contidos e sobre a súa presentación,... e podo afirmar que foi un proceso honesto de indagación e diálogo, de busca e de elaboración; por isto mesmo, este documento debe ser entendido e usado máis como provocación que como receita, máis como plataforma que como molde, máis como compás que como plano.

O tema do proxecto educativo de centro fixo a súa eclosión no noso panorama educativo arredor da reforma educativa dos anos 90 do pasado século, pero equivocárase quen pensase que perdeu actualidade. Ás razóns permanentes do seu interese anteriormente expostas hai que engadir a oportunidade excepcional que supón a posta en marcha de numerosas escolas públicas de 0-3 que se está producindo en Galicia nestes anos. Como xa foi indicado, este proceso, aínda que intensificado en certos momentos da vida dun centro, forma parte dun continuum nunca rematado. Este feito ten un especial significado para as escolas de 0-3. Foi unha constante histórica a influencia da pedagogía da escola primaria na educación infantil, antes chamada preescolar. Non menos forte foi a corrente que difundiu no primeiro ciclo da educación infantil prácticas educativas máis axeitadas ás necesidades e posibilidades de nenos e nenas maiores. En moitos centros 0-3, ata hai pouco denominadas “garderías”, predominou un enfoque do traballo sinxelamente asistencial. Na actualidade estanse difundindo entre os e as profesionais da educación da primeira infancia as propostas que mellor dan resposta ás necesidades de nenos e nenas, que constrúen a pedagogía desde os coidados, o respecto, a autonomía e a actividade libre. Os equipos das escolas, ao revisaren os seus proxectos educativos, terán unha ocasión de ouro para analizar e incorporar estas achegas na vida dos seus centros.

As escolas infantís para as que foi pensado este documento constitúen unha rede e comparten, polo tanto, obxectivos, recursos e certos trazos nun estilo de traballo; sería un erro que fixesen un uso mimético deste documento, reproducindo ou asumindo os seus contidos sen analízalos e reflexionar sobre eles. Os autores e autoras concibírono máis como unha guía aberta que como un marco pechado, máis como un método de busca ou procedemento que como un contido ou fórmula inerte. Ofrecen unha proposta coherente e ben fundamentada, pero cada escola debe acollela como unha hipótese de traballo.

As persoas que usen esta ferramenta como método terán máis fácil facer o proxecto educativo da súa escola como actividade creativa que prefigure e anticipe a creación dos contextos para o desenvolvemento integral e harmónico das capacidades de nenos e nenas.

Lois Ferradás.

*Profesor titular de Didáctica da Educación Infantil
Universidade de Santiago de Compostela*



1. INTRODUCCIÓN

rede de escolas infantís de Galicia

1. INTRODUCCIÓN

“O obxecto da educación debe ser o desenvolvemento das potencialidades humanas”

(Montessori, 1986, p. 14)

Durante os primeiros anos de vida establécense as bases da personalidade, da afectividade, da intelixencia, das emocións e das actitudes persoais e sociais dos seres humanos. Dende o ámbito da escola e da familia hai que **promover contextos axustados que potencien a creatividade e satisfagan as súas necesidades de acción**, na procura da conformación dun ambiente que favoreza unha educación integral.

As políticas institucionais a nivel mundial e os avances realizados pola comunidade científica marcan unhas claras directrices nas que se explicita unha evolución na concepción da educación das primeiras idades, que anteriormente tiñan un marcado carácter asistencial sendo a garda e custodia os únicos obxectivos que se debían cumprir.

Este documento supera esta concepción apostando por un marco educativo que axuda os nenos¹ na construción dunha identidade baseada no desenvolvemento potencial das súas capacidades, facilitando contornos educativos de calidade, compensadores de desigualdades persoais, culturais e sociais, intencionalmente organizados para proporcionar os nenos en colaboración coas familias, un proceso óptimo de desenvolvemento nun marco saudable, de benestar e seguridade.

O proxecto educativo constitúe un documento “vivo” que expresa as intencións das escolas infantís 0-3 respecto dos principios educativos, dos obxectivos e da organización da escola, que inspiran a elaboración dos proxectos das escolas infantís e vertebran a xestión participativa e colaborativa do centro, como claves fundamentais que saiban respectar e potenciar o seu presente que é o garante dunha nova cidadanía, centrada na busca continua e constante dunha mellor sociedade.

Este proxecto é un modelo de referencia, que pode servir como guía para cada escola infantil, que se axustará e adaptará á súa realidade, sendo un recurso que axuda a poñer en común unha serie de ideas, valores, intencións e actuacións que parten do propio equipo, nunha proposta global e colectiva, na que participan todos os membros da comunidade educativa, na procura dunha identidade propia como rede sociorrelacional recollendo a diversidade de cada contexto.

¹ Ao longo do texto en numerosas ocasións utilizaremos as formas neno, pequeno, cativo... para referirnos aos dous xéneros, co fin de darlle máis axilidade á lectura.

En definitiva, este texto pretende dar a coñecer que se entende por proxecto educativo e os elementos que o conforman: definición de escola infantil, análise do contorno, sinais de identidade e intencións educativas, estrutura e funcionamento do centro, proposta pedagóxica e avaliación, de cara á construción e a mellora dunha idea de escola e de infancia, onde interaccionan e conflúen as emocións, as relacións, as achegas e o coñecemento cun fin común, no que xoga un papel esencial o sentimento de pertenza e compromiso.



2. DEFINIÇÃO DA ESCOLA INFANTIL

rede de escolas infantís de Galicia

2. DEFINICIÓN DA ESCOLA INFANTIL

Entendemos a escola infantil 0-3 como un lugar de afianzamento das relacións socioafectivas na que os encontros, a comunicación, o intercambio, o respecto á diversidade, a igualdade, a participación e a solidariedade son marcos básicos para a convivencia e a aprendizaxe en conxunto.

A finalidade que temos como escola é que todas as nenas e todos os nenos poidan ser educados e integrados en contextos de calidade, nos que se atenda, escoite e responda ás súas necesidades, se respecten os seus dereitos e medren seguros no seu contexto físico, afectivo, sociocultural e intelectual.

Cada centro ten a súa propia identidade que se deberá definir tendo en conta varios aspectos:

- A referencia histórica.
- Os niveis educativos.
- A titularidade.
- O marco legal e administrativo.

2.1. Referencia histórica

Para comprender a realidade dunha escola é importante coñecer a súa orixe e evolución: quen tomou a iniciativa da súa creación, cambios na xestión, evolución na liña educativa, así como aqueles elementos que se consideren importantes na vida da escola, xa que todos estes aspectos axudarán a crear e definir unha comunidade que se desenvolve e aprende.

2.2. Niveis educativos

Neste apartado é importante definir o número de unidades do que dispón o centro, xa que é imprescindible contemplar esta realidade para dar unha resposta axustada ás características de cada escola.

2.3. Titularidade

Para completar a identidade dun centro especificarase a entidade titular da escola e como se realiza o seu financiamento.

2.4. Marco legal e administrativo

O deseño do proxecto educativo terá que tomar como referencia o marco legal e administrativo vixente, que nos axudará a orientar a práctica educativa.

- O **marco legal** para o primeiro ciclo de educación infantil é o seguinte:
 - Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
 - Real decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e educación secundaria. (artigo 8.1 e 8.2).
 - Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de atención á infancia.
 - Decreto 330/2009, do 4 xuño, polo que se establece o currículo na educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísmo no ensino non universitario.
 - Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- O **marco administrativo** que corresponda segundo a entidade á que pertenza a escola (Regulamento de réxime interno).



3. ANÁLISE DO CONTORNO

rede de escolas infantís de Galicia

3. ANÁLISE DO CONTORNO

3.1. Características do contorno

Neste apartado trátase de identificar, describir e analizar o contexto social, cultural e económico no que se sitúa o centro e as familias usuarias, valorando os aspectos que se consideren máis importantes para a actividade de cada centro:

- a. Características da poboación: análise do contexto socioeconómico e cultural do contorno no que está inmersa a escola.
- b. Recursos e equipamentos: sociais, culturais, educativos, de lecer, de saúde, servizos de atención á infancia,... Neste apartado convén sinalar as relacións que a escola mantén cos recursos do contorno: coñecer a súa existencia, compartir información cos responsables destes recursos, crear relacións de colaboración (que poden ser de diferente natureza e grao, segundo o recurso do que se trate).

3.2. Características do centro

3.2.1. Marco administrativo

Descríbanse tanto as características dentro do propio marco administrativo da escola como o número de unidades e prazas totais, os agrupamentos, as prazas de emerxencia social reservadas, etc.

3.2.2. Espazos interiores e exteriores

Trátase aquí de describir a configuración espacial do centro, tanto a interior como a exterior, e as dimensións de cada espazo (pode ser útil anexar un plano sinxelo que recolla a finalidade do seu uso).

É interesante incluír fotos dos espazos, e convén describir a interacción do centro cos espazos do seu contorno.

3.2.3. Recursos

3.2.3.1. Recursos humanos

Neste apartado farase referencia aos recursos humanos cos que conta a escola: familias, nenos e nenas, educadores, persoal de servizos xerais, cociñeiros, mestres, dirección, administrativos, coordinadores, orientadores pedagóxicos e outros profesionais e colaboradores externos ou internos á institución (administracións locais e/ou autonómicas, asociacións profesionais, etc).

Convén explicitar neste apartado as interaccións que esta escola ten con outros profesionais, tanto persoal doutras escolas como doutras entidades, xa que en moitas ocasións estes equipos humanos que conforman a escola interaccionan e comparten de xeito coordinado formación, experiencias e inquietudes con outros equipos.

3.2.3.2. Recursos materiais

Contemplaremos os distintos equipamentos e materiais educativos cos que se conta no centro nos seus diferentes espazos, tales como mobiliario, material pedagóxico de uso da vida cotiá e de xogo para os nenos, equipos informáticos, ofimáticos e técnicos, material funxible, así como outros materiais compartidos no conxunto das escolas a través de centros de recursos comúns de ser o caso.



4. SINAIS DE IDENTIDADE E INTENCIÓNS EDUCATIVAS

rede de escolas infantís de Galicia

4. SINAIS DE IDENTIDADE E INTENCIÓNS EDUCATIVAS

4.1. Obxectivos xerais do centro

Partindo da realidade do centro e do seu contorno, así como do marco legislativo e tendo en conta os valores e a concepción pedagóxica, formularemos os obxectivos globais do centro que deberán orientar o conxunto da práctica educativa. Estes obxectivos, propios do centro, inspirarán a proposta pedagóxica e a actividade de toda a comunidade escolar.

Para a súa redacción deben terse en conta as seguintes recomendacións:

- a) Estar formulados para acadarse a medio e longo prazo e que poidan ser útiles nas accións educativas.
- b) Ser propios do centro. Aínda que teñan como referencia a lexislación vixente, non deben limitarse a unha transcripción literal dos obxectivos establecidos oficialmente para este ciclo.
- c) Referirse a todas as persoas que conforman a comunidade escolar: alumnado, equipo educativo, persoal do centro, familias e comunidade.
- d) Poder planificarse tendo en conta as actividades e os recursos para a súa consecución.
- e) Ser claros e realistas de maneira que permitan realizar unha posterior avaliación, concretándose en función da súa realidade.
- f) A orde na redacción destes obxectivos non supón a prelación duns sobre outros.

Ofrécense a continuación algúns **exemplos** clasificados en apartados:

a. Relativos aos nenos e ás nenas

Procurar que as experiencias, recursos, condicións, actitudes e valores garantan o axeitado proceso no que se potencie o desenvolvemento integral e harmónico nos planos: físico, afectivo, social e intelectual dos cativos.

Potenciar que os nenos se sintan aceptados e valorados como persoas, tendo en conta a súa diversidade e as súas características e necesidades psicoevolutivas e individuais.

Promover que os nenos sexan os protagonistas da súa aprendizaxe a través dun proceso activo de construción, experimentación e investigación.

Favorecer o interese e a curiosidade dos nenos polo seu propio contorno físico, social e cultural, potenciando unha actitude aberta e construtiva respecto da realidade que axude a adquirir unha visión positiva da vida.

Avanzar cara a construción da súa autonomía, autoconcepto e autoestima, procurando un clima de seguridade afectiva.

b. Relativos aos profesionais

Organizar e valorar o traballo en equipo, aproveitando a diversidade, a creatividade e as potencialidades do grupo, a través dunha relación de respecto entre os diferentes profesionais que traballan na escola para dar coherencia á acción educativa.

Fomentar a formación permanente de todo o persoal do centro, considerándoa chave na mellora da práctica profesional.

Fomentar metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, aprendizaxe por pequenos proxectos e outras que promovan a inclusión de toda a comunidade educativa.

Adaptar a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e ritmos dos nenos.

Valorar a participación e colaboración coas familias como un enriquecemento no desenvolvemento da nosa tarefa profesional.

Ofrecer materiais, espazos e propostas variadas que promovan a acción, iniciativa, investigación e experimentación, e dean resposta ás necesidades e características evolutivas dos nenos.

c. Relativos ás familias

Fomentar a relación, a coordinación, as canles e os espazos de comunicación coas familias para o intercambio de información mutua.

Xerar un clima de confianza e achegamento que convide as familias a formar parte da escola, considerando a súa diversidade.

Favorecer as relacións das familias coa escola de maneira que se sintan partícipes da vida do centro e implicadas no proceso educativo dos seus fillos.

Acoller e promover as diferentes maneiras de participación activa das familias nas propostas que se desenvolven no día a día na escola.

Entender as familias como axentes educativos competentes e colaboradores no proceso de ensino-aprendizaxe.

d. Relativos á comunidade

Establecer e impulsar canles que potencien e garantan a participación de todos os axentes implicados na escola.

Potenciar as relacións sistemáticas con outras escolas e servizos destinados á primeira infancia, promovendo o intercambio de experiencias, a reflexión conxunta e a cooperación.

Promover, participar e compartir as experiencias da escola con outras escolas ou organismos relacionados, favorecendo a mellora da calidade educativa a través do traballo en rede.

Respectar a diversidade e as diferenzas, valoralas positivamente como oportunidade e como enriquecemento mutuo.

Aproveitar os recursos (socioculturais, físicos, naturais,...) que ofrece o contorno como elementos de aprendizaxe e dinamizadores da propia escola.

Concibir a escola como un axente cultural propio da comunidade, como un soporte e un apoio para o propio contorno.

4.2. Liña pedagóxica e principios básicos da acción educativa

Entendemos que o equipo educativo, apoiándose nas teorías e principios da pedagogía da primeira infancia, formulará a súa liña pedagóxica e procurará poñela en práctica ao desenvolver o proxecto educativo. As achegas da pedagogía da primeira infancia, así como o coñecemento dos recursos materiais e humanos dos que se dispoña, darán unha base profesional para a configuración dun marco educativo propio. En termos xerais, a maioría dos teóricos coinciden en que unha teoría non é suficiente para explicar todo o que sabemos e observamos en relación co neno. Polo tanto, convén contar cunhas teorías de referencia ás que recorrer para favorecer e potenciar o proceso de desenvolvemento dos nenos.



Friedrich Froebel

- Creador dos Kindergarden.
- Considera a infancia como unha etapa de características propias.
- Emprega métodos e materiais adaptados ás necesidades e ao desenvolvemento infantil.
- Utiliza o xogo como elemento central de vida na infancia, manifestación libre e espontánea do interior do neno, que orixina: o gozo, a liberdade, a satisfacción,... Os nenos fan xogando cousas que nunca farían de forma imposta ou autoritaria.



John Dewey

- Creador das bases da escola activa: "aprender facendo".
- A experiencia xera o pensamento.
- Baseado na actividade, exploración, modificación do ambiente e a colaboración activa de todos, como forma de vida asociada.



María Montessori

- Concibe a educación como un proceso espontáneo: "autoeducación".
- Os principios básicos da súa metodoloxía son:
 - A mente absorbente: recoñécese o primeiro período do desenvolvemento humano como o máis importante.
 - Os períodos sensibles: momentos de maior facilidade para a adquisición de novos coñecementos.
 - O ambiente preparado: deseñado para fomentar a autoaprendizaxe, a autonomía e o crecemento dos nenos.
 - O rol do adulto: como guía, observador consciente e en continua aprendizaxe e desenvolvemento persoal.
 - A base do pensamento e do desenvolvemento intelectual céntrase na educación motriz sensorial e da linguaxe .



Ovide Decroly

- Establece o concepto de globalización e de centros de interese, no que a motivación é o eixo central para as aprendizaxes.
- As experiencias vitais son as que maior interese espertan nos nenos.
- Basea o proceso de aprendizaxe en tres actividades básicas: a observación, a asociación e a expresión.



Irmás Agazzi

- Entenden que a escola materna ten que centrarse na infancia, baseándose no xogo, no amor e na tenrura. Unha escola feita polos nenos.
- O material constitúe a faceta máis interesante do método. Os recursos son os que os nenos poden atopar na súa vida cotiá e no seu contorno.



William Kilpatrick

- Formula a metodoloxía do traballo por proxectos.
- O persoal educativo como orientador.



Emmi Pikler

- Concibe que o neno é capaz de aprender de xeito autónomo realizando accións competentes a partir da utilización dun determinado repertorio de comportamentos, dos que dispón nun determinado nivel do seu desenvolvemento.
- Entende que o neno durante as súas accións levadas a cabo baixo a súa propia iniciativa, aprende: a observar, a actuar, a utilizar o seu corpo dun xeito económico, a prever o resultado da súa acción, a sentir os límites e posibilidades, a modificar os seus movementos e actos,... aprende a aprender.
- Facilita un ambiente seguro e estable nos coidados cotiáns baseándose no establecemento dunha relación íntima, profunda e respectuosa que fai posible a expresión da súa autonomía.




Erik Erikson

- As persoas son seres activos que buscan adaptarse ao seu ambiente. A socialización afecta ao sentido da identidade persoal.
- Establece a teoría do desenvolvemento da personalidade, onde se describen diferentes estados psicosociais, entre eles:
 - Conianza básica versus desconfianza (0-18 meses).
 - Autonomía versus vergoña e dúbida (18 meses a 3 anos).
- Define o concepto de mutualidade: non só o adulto inflúe no neno, senón que tamén se produce á inversa, o neno inflúe no adulto.



Jean Piaget

- Entende a aprendizaxe como proceso de adaptación do individuo ao medio mediante a continua asimilación e acomodación.
- Para Piaget a persoa pasa constantemente dun estado de desequilibrio a un estado de equilibrio maior. Cada vez que se dá este desequilibrio a persoa pasa a un estado onde ten que asimilar e adaptarse á nova situación.
- Establece as etapas de desenvolvemento cognitivo dos nenos.
- A capacidade cognitiva e a intelixencia están estreitamente ligadas ao medio social e físico.
- A educación ten como finalidade favorecer o crecemento intelectual, afectivo e social do neno.
- O principio básico é a aprendizaxe por descubrimento.



Célestin Freinet

- Promove a libre expresión unida a conceptos como liberdade, interese e actividade.
- A base da súa pedagogía é: "soamente a práctica ensina e educa".
- A actividade do neno desenvólvese en grupo, é cooperativa.
- Achegas da súa teoría: o libro viaxeiro, o traballo por obradoiros, a asemblea, saídas ao contorno próximo,...
- Precursor do traballo en rede entre escolas (a través de documentos escritos compartidos con outras escolas coa correspondencia escolar).



Lev S. Vigotsky

- Promove a dimensión social da aprendizaxe, no que a intelixencia é un produto social.
- A aprendizaxe ten lugar a través da relación cos outros.
- Enumera tres zonas de desenvolvemento: real, potencial e próximo.
- Relaciona a aprendizaxe coa linguaxe. É imprescindible fomentar o diálogo e deixar que os nenos se expresen libremente.



Urie Bronfenbrenner

- Explica o cambio da conduta do individuo a través da influencia do contorno no medio, sendo un cambio multidireccional, multicontextual e multicultural.
- A teoría ecolóxica de Bronfenbrenner, permite entender a influencia tan grande que teñen os ambientes no desenvolvemento do suxeito.



Elinor Goldschmied

- Sistematiza dous tipos de xogo secuenciados: o cesto dos tesouros e o xogo heurístico.
- Necesidade de exploración e descubrimento.
- Aproveita e potencia a actividade espontánea dos nenos de maneira ordenada.
- Recoñece o neno como un individuo en formación.
- A observación é unha ferramenta fundamental para avaliar o desenvolvemento do neno.
- Pon de manifesto a importancia do cotián na vida da escola.



Loris Malaguzzi

- Entende o desenvolvemento do neno polo apoio que lle dan as persoas que o rodean.
- O adulto debe procurar experiencias, referencias e axudas para que os cativos poidan ir construíndo o seu coñecemento.
- O papel do profesorado é de mediador.



Howard Gardner

- Intelixencias múltiples: lingüística, lóxico-matemática, espacial, cinético-corporal, musical, interpersoal, intra-persoal e naturalista. Define a intelixencia como unha capacidade.
- Todas as persoas posuímos todas as intelixencias e un nivel de desenvolvemento potencial.
- Serán os elementos estimuladores destas as que determinarán o grao no que se desenvolva cada unha delas.



David Ausubel

- Introduce a aprendizaxe significativa: a nova información relaciónase cos coñecementos que o neno xa ten, producíndose unha transformación tanto no contido que se asimila como o que xa se tiña.
- O material debe ser potencialmente significativo.
- O neno debe estar motivado para dar significado propio aos contidos.



Donald W. Winnicott

- Fala da importancia do ambiente facilitador que a nai lle proporciona ao neno, para que este adquira a súa capacidade simbolizadora, que lle permitirá coñecer o mundo exterior e conquistar a súa independencia.
- Distingue tres etapas na conquista da independencia:
- Dependencia extrema: de 0 a 6 meses. Estado de fusión coa nai, esta “sostén” física e psicoloxicamente ao neno.
- Dependencia relativa: de 6 a 18 meses. Emerxen as primeiras relacións cos obxectos transicionais. O neno comeza a incorporar o vínculo social co destete.
- Cara á independencia: dos 18 aos 36 meses. Winnicott sinala que a independencia nunca é completa, nin se-quera no adulto.



Jerome Bruner

- Formula o concepto de “andamiaxe”.
- Creador das bases da escola activa: “aprender facendo”.
- A experiencia xera o pensamento.
- Baseado na actividade, exploración, modificación do ambiente e a colaboración activa de todos, como forma de vida asociada.



Bernard Aucouturier

- Considera que cada neno é un ser orixinal que se desenvolve globalmente. Mediante as súas actividades, todas as súas funcións sensoriais, emocionais, imaxinativas, cognitivas e lingüísticas maduran á vez.
- Estas funcións corporais e psíquicas actúan e interaccionan en grados diversos, condicionadas polo contorno educativo, sendo fundamental coñecer o neno a partir da súa actividade motriz espontánea para afirmar o seu desexo de medrar.
- A psicomotricidade vivenciada é o achegamento ao movemento a través da dimensión psicolóxica (a expresión, a pulsión da súa personalidade e da súa historia), mediante o corpo e as relacións co mundo exterior.



René Spitz

- Importancia do afecto e das emocións na primeira etapa para o desenvolvemento e aprendizaxe dos nenos, dende o seo da familia e da escola.
- A historia do afecto é a lembranza, e sustenta as experiencias.
- A comunicación é unha actitude afectiva, por estímulos internos, e a súa realización superior darase no desenvolvemento da función simbólica.



John Bowlby

- O apego é o vínculo emocional que desenvolve o neno cos seus pais (ou cuidadores), e que lle proporciona a seguridade emocional indispensable para un bo desenvolvemento da personalidade. A tese fundamental da teoría do apego é que a seguridade, ansiedade ou temor dun neno está determinado, en gran medida, pola accesibilidade e a capacidade de resposta das súas principais figuras de apego.
 - O bebé nace cun repertorio de condutas, as cales teñen como finalidade producir respostas nos demais: a succión, os sorrisos, os reflexos, o balbucido, a necesidade dun arrollo e o choro non son máis que estratexias do bebé para vincularse aos seus pais. Con este repertorio os bebés buscan manter a proximidade coa figura de apego, resístanse á separación e utilízana como base de seguridade desde a que explorar o mundo.
 - Un neno que sabe que a súa figura é accesible e sensible ás súas demandas, ten un forte sentimento de seguridade e ánimo a valorar e continuar as relacións.
-



Daniel Stern

- Describe o desenvolvemento dun mundo interpersoal no infante como resultado das relacións íntimas do *self* cos outros. Este mundo é, en gran medida, un mundo afectivo no que o desenvolvemento é estimulado mediante a sintonía afectiva da nai (capacidade de resposta intersubxectiva da nai, tanto en relación ás emocións como aos cambios de intensidade, excitacións e ritmos das do seu fillo).
- O autor adxudica un rol central ao sentido de si mesmo (*self*) e á súa contraparte, ao sentido do outro.
- Stern diferencia catro sentidos principais do *self* no desenvolvemento:
 - O *self* emerxente
 - O *self* nuclear
 - O *self* intersubxectivo
 - O *self* verbal

Todas estas achegas son a base dunha pedagogía atenta, paciente, que agarda, que acolle e acompaña no desenvolvemento, na busca da autocreación do neno, e do seu autodescubrimento no ser, no estar e no actuar, na toma de decisións e na resolución de problemas. A planificación dun contexto educativo ten que permitir que o neno se proxecte e proxecte, dende unha visión holística.

Principios básicos da acción educativa

As achegas das diferentes teorías serán a base para desenvolver os principios básicos da acción educativa, que nos orientan para o logro dos obxectivos e serán as que sustenten as nosas decisións metodolóxicas:

- a) Promóvese un desenvolvemento harmónico e integral dos nenos, nos aspectos físicos, afectivos, sociais e intelectuais, atendendo as súas necesidades, potenciando e valorando as súas capacidades, respectan-

Para educar e acompañar de maneira axeitada no desenvolvemento infantil é necesario entender estas peculiaridades da cultura infantil, o seu modo de aprender e o seu modo de enfrontarse ao mundo.

Esta proposta pretende recoñecer os nenos en toda a súa riqueza, valorando a calidade da intervención educativa e a coherencia entre a teoría e a práctica que responda atentamente aos dereitos infantís e ás demandas sociais.

do os seus intereses e posibilitando, ao mesmo tempo, as diferentes formas de expresión.

- b) Apóiase e facilítase o establecemento de relacións sociais e afectivas entre os pequenos e os adultos, entre os profesionais e as familias, transmitindo, coa nosa actitude, a importancia do respecto e da consideración cara aos demais, valorando a riqueza que nos achega a diversidade de: sexo, estilos de vida, ritmos de aprendizaxe, orixe, ideoloxía, situacións económicas,...
- c) Favorécese o interese e a curiosidade dos nenos polo seu propio contorno físico, social e cultural, facilitando os recursos para coñecelo, comprendelo e respectalo. Poténciase unha actitude aberta e construtiva con respecto da realidade, que axude a adquirir unha visión positiva da vida.
- d) Considérase o ensino-aprendizaxe como un proceso activo de construción e investigación, onde os pequenos son os protagonistas do seu proceso de aprendizaxe, fomentando a curiosidade, a investigación, a iniciativa e a reflexión.
- e) Terase en conta a lexislación vixente en materia lingüística no ámbito educativo, os obxectivos do Plan de normalización da lingua galega no que se refire á educación, para a concreción do proxecto lingüístico integrado neste proxecto educativo.
- f) Asíumese a participación como forma de organización e funcionamento que se manifesta en todos os momentos e ámbitos da vida da escola infantil. Propiciamos a existencia de espazos e canles de información e comunicación variados, que favorezan a reciprocidade, de forma que toda a comunidade educativa dispoña das canles axeitadas para poder manifestar os seus intereses e formar parte dun proxecto común.
- g) Enténdese a función do persoal educativo como facilitador de recursos e procesos. Dentro dun marco de traballo en equipo constrúense contextos de seguridade e confianza, mantendo sempre unha actitude aberta e flexible e en formación permanente.

Para educar e acompañar de maneira axeitada no desenvolvemento infantil é preciso entender estas peculiaridades da cultura infantil, o seu modo de aprender e o seu modo de enfrontarse ao mundo. Por iso, a proposta que se recolle nesta guía pretende recoñecer aos nenos e ás nenas das escolas infantís 0-3 en toda a súa riqueza, valorando a calidade da intervención educativa e a coherencia entre a teoría e a práctica que responda ás demandas sociais e á consideración da infancia como seres humanos con dereitos.

4.3. Trazos de identidade

Chamamos trazos ou sinais de identidade dunha escola a aqueles elementos significativos que determinan e configuran, partindo da reflexión conxunta, a idea de escola que queremos construír.

4.3.1. Infancia

A concepción da infancia enténdese a partir da valoración das potencialidades dos nenos, sendo eles os protagonistas da súa aprendizaxe e axentes activos de cambio, curiosos, fortes, sociables, competentes, abertos e dispostos a deixar sorprenderse e sorprender.

O pequeno nace con **capacidades** e **necesidades** de aprender, non necesita nin preguntar nin ter o permiso do adulto para comezar a coñecerse e descubrir o mundo que lle rodea. A aprendizaxe é unha actividade cooperativa e comunicativa na que os nenos poden facer, crear, construír, gozar, resolver conflitos, sentir e expresar sentimentos, ideas en conxunto cos adultos e con outros nenos. Unha tarefa da escola é a de proporcionar e ser un punto de encontro, onde todos os axentes constrúan xuntos coñecemento e cultura, respectando a individualidade e a diversidade.

Un requisito indispensable para mellorar as condicións da infancia é coñecer as necesidades básicas e os seus coidados, sendo a etapa de educación infantil unha etapa saudable á que todo mundo ten dereito. Moitos son os autores que identifican estas necesidades básicas. Así, por exemplo, Brazelton e Greenspan (2005) recollen sete necesidades básicas que se amosan no seguinte diagrama:



Esta imaxe promove o entendemento de que o neno ten **voz propia** na toma de decisións, que forma parte na construción e na determinación da súa vida, pero tamén na vida daqueles que se atopan ao seu redor e na sociedade na que vive.

4.3.2. Atención á diversidade: escola para todas e todos

A educación dos nenos como dereito

Todos os nenos e todas as nenas teñen dereito a unha educación de calidade dende o seu nacemento sen ningún tipo de exclusión e en igualdade de oportunidades, independentemente da súa etnia, xénero, condicións socioeconómicas e culturais, características específicas,... Partindo deste principio, débese reflexionar sobre a propia concepción de escola e pensar que a diversidade é algo positivo e enriquecedor. Acollerase esta idea como algo natural, no que **o respecto polas potencialidades de cada quen é a base de todas as nosas actuacións.**

Todo neno é competente para aprender e, polo tanto, temos que considerar que cada un deles ten as súas potencialidades propias. Para isto, é preciso axustar en cada momento a nosa acción educativa de cara a desenvolver estas potencialidades existentes en cada un de nós.

Pensando nunha resposta á diversidade o punto de partida é ser conscientes desta diversidade tendo sempre presente que ser diferente é un dereito e un valor. Isto fíxose realidade se se levan a cabo actuacións dende a escola nas que se promova e se potencie plenamente o principio de inclusión, o que fai referencia a unha escola de, por, para e con todos.

As diferenzas téñense que valorar como un aspecto positivo e unha fonte de riqueza, onde os criterios de avaliación non etiquetan senón que axudan a entender os procesos, permitindo dar respostas máis axustadas ás diversas necesidades, chegando á construción da aula como comunidade na que cada un dos nenos ten algo que dicir e algo que chegar.

Entendemento da diversidade - inclusión

O punto de comezo para a práctica educativa supón concibir un *currículo flexible* e común para todos os nenos e todas as nenas, no que a diversidade posibilita a todos e todas as mesmas oportunidades sendo o neno o principal protagonista da súa aprendizaxe e o adulto e os iguais, os mediadores e facilitadores nos diferentes procesos e contextos.

Nas actuacións educativas realizadas por parte do equipo da escola é fundamental deixar de lado os modelos de intervención compensatoria, nos que o neno ten que adaptarse aos obxectivos, contidos e propostas que se levan a cabo, para apostar por modelos de intervención que inclúan as características e intereses individuais de cada

nenos. Neste senso, non se poden deseñar obxectivos ríxidos e de forma secuencial comúns para todos con base no patrón evolutivo xeral sen máis, senón que se terán presentes as características de todos e cada un dos nenos, os seus comportamentos, ritmos, medio familiar,...

De cara á construción dunha escola inclusiva dende a primeira infancia deberanse potenciar actuacións e propostas que estimulen e dean resposta ás necesidades de todos, facendo fincapé nas condicións e oportunidades para o seu desenvolvemento íntegro, evitando actividades homoxeneizadoras e separadas da pedagogía cotiá da escola. Isto esixe a modificación da organización do centro e da aula, empregando metodoloxías flexibles coas que todos os nenos participen e aprendan xuntos nun marco de igualdade e equidade.

A práctica educativa dende unha escola inclusiva

A atención á diversidade, a construción dunha escola inclusiva farase realidade se se lle dá o mesmo peso a todos os subsistemas implicados. É importante establecer un marco de relacións coas familias, xa que deben percibir a escola como un lugar onde sentirse escoitados e acompañados, no que poidan compartir con outras familias e co persoal educativo dúbidas, opinións, intereses, inxerencias,...

Ademais das familias, do propio equipo educativo da escola e da comunidade, é imprescindible contar con outros recursos que o contorno facilita: servizos sociais, asociacións, outros profesionais, ... que axuden á mellora da práctica a través da comunicación, colaboración e coordinación educativa entre todos os axentes, **fomentando procesos de investigación-acción** e ferramentas que permitan desenvolver accións educativas que respecten e potencien a diversidade.

4.3.3. Familia e comunidade

Considéranse as familias como o primeiro axente de socialización e de afianzamento dos primeiros vínculos do neno, sendo unha peza imprescindible na educación do pequeno. Deste xeito, enténdese a familia como un axente facilitador e competente que posibilita e axuda no desenvolvemento integral do neno.

A colaboración, coordinación e participación familia-escola é primordial na tarefa compartida levada a cabo mediante o afianzamento e potenciación das relacións de comunicación e confianza mutua.

Un aspecto fundamental que hai que ter en conta á hora de construír a idea de escola é considerar a diversidade de familias (estilos, tipoloxía, valores, características socioculturais, económicas, ...) na que todas teñen a posibilidade de participar e cooperar activamente na vida do centro, ofrecéndolles diferentes vías de comunicación e colaboración.

As familias aprenden do centro, o centro aprende das familias e así mesmo, as familias aprenden unhas das outras na súa interacción, sempre dende a confianza e o respecto mutuo, nun contexto de aprendizaxe bidireccional. Hai un camiño que percorrer xuntos cunha función esencial, establecer canles de relación que permitan, tanto ás familias como ao persoal educativo, compartir criterios comúns para a educación dos nenos de xeito que se garanta continuidade e coherencia entre ambos contextos.

As familias aprenden do centro, o centro aprende das familias e así mesmo, as familias aprenden unhas das outras na súa interacción, sempre dende a confianza e o respecto mutuo, nun contexto de aprendizaxe bidireccional.

Partindo dunha concepción de escola aberta á comunidade, fundamentada en valores democráticos, non se pode obviar a participación dos diferentes axentes sociais e educativos neste proxecto compartido. Dende a escola promoverase esta interacción cos axentes do contorno: asociacións culturais, centros de ensino, bibliotecas, centros de maiores,..., a partir de experiencias e actividades conxuntas que enriquecen as



partes, construíndo un proxecto para a comunidade que poderá ter máis forza e mellor calidade educativa.

A escola é de e para todos e todas e, polo tanto, cada neno e cada familia constitúe unha parte imprescindible dela pois, sen eles, a escola sería outro tipo de institución. Así, é importante que todos: nenos, familias, profesionais e comunidade poidan ter cabida e un lugar, en función das súas características e posibilidades.

4.3.4. Profesionalidade

O profesional da infancia é un suxeito activo que reflexiona sobre a práctica educativa, que debe ter presente o seu papel esencial na sociedade como axente de cambio, exercendo o seu traballo de maneira colectiva e crítica. Polo tanto, a idea de profesionalidade non debe quedar soamente definida na capacidade para producir coñecementos e estratexias nos nenos.

Como profesionais temos que ver o mundo e a sociedade con outros lentes, considerando aos cativos como eixe principal. Debemos parar e reflexionar sobre a escola que queremos construír porque esa transformación influirá nos nenos.



Aspectos que se deben ter en conta para poder desenvolver a idea de profesionalidade.

4.3.4.1. Papel do persoal da infancia

Aínda que existen diferentes perspectivas sobre o desenvolvemento dos nenos, todas destacan a importancia dos primeiros anos de vida e a maneira en que diferentes circunstancias poden incidir no seu desenvolvemento, así como na súa evolución posterior.

Terase que ser consciente de que a calidade da educación mídese pola calidade dos seus profesionais e, confiando nun exercicio da educación competente, deberase ter en conta:

APRENDER A SER

Contribúe no desenvolvemento global de cada persoa

A competencia de crer nas posibilidades da infancia, para que poidan descubrir, facer, decidir,... xerando expectativas positivas de cara aos nenos.

- Dar á educación dúas orientacións complementarias:
- Favorecer o descubrimento gradual do outro (descubrir as potencialidades e valorar as diferenzas).
- Xerar proxectos motivadores e cooperativos ao servizo dos nenos, da familia e da comunidade.

A capacidade de reflexionar e dar resposta a todas as cuestións que inflúen no proceso educativo.

Crer e valorar o desenvolvemento das nosas competencias profesionais como algo aberto e que se constrúe ao longo de toda a vida, actuando cunha intencionalidade clara e sabendo o por que e para que se fan as cousas.

Dar visibilidade ás pequenas accións do cotián na escola, como elementos que determinan o marco de relacións e aprendizaxes que nela interveñen, sendo capaces de adaptar e flexibilizar a nosa actuación en función das necesidades que se expoñan a través dun proceso de documentación e avaliación.

APRENDER A COÑECER

Comprender o mundo que nos rodea

A capacidade de comprender as transformacións que caracterizan ás familias: na sociedade actual cada familia presenta necesidades diferentes polo que a escola debe garantir unha flexibilidade á diversidade familiar. É necesario que axudemos ás familias a crer nas súas capacidades, respectando o legado cultural de cada unha delas. Debemos entender para comprender, actuar e dar resposta ás súas necesidades.

A competencia de comprender o papel da educación: educar dende a escola de hoxe implica coñecer e transformar, a través das necesidades da infancia, á sociedade actual.

A competencia de coñecer o papel da escola: é necesario camiñar na creación de escolas de calidade: escolas acolledoras, con espazos pensados para a infancia co fin de que poidan desenvolverse de xeito integral. Temos que comprender como se desenvolven e aprenden os nenos e como podemos axudarlles a potenciar as súas capacidades, dende as súas necesidades, intereses e desexos.

A competencia de poñer en valor o patrimonio profesional: coñecer e realizar investigacións e estudos no ámbito profesional axudaranos a mellorar na nosa práctica educativa.

APRENDER A FACER

Capacidade de influír no propio contorno

A competencia para deseñar e facilitar contextos enriquecidos e variados (espazo interior e exterior, oferta diversificada).

Os contextos son un elemento de primeira orde que hai que considerar e levar a cabo na práctica educativa, entendéndose esta como a planificación, desenvolvemento e avaliación: dos ambientes, espazos, materiais, clima relacional, propostas educativas diversas,... que promovan a aprendizaxe conxunta.

O rol do persoal educativo será de mediador, favorecendo a curiosidade dos nenos, as súas hipóteses e investigacións sendo consideradas e valoradas nun ambiente onde a característica principal é o seu benestar e o seu desenvolvemento integral.

A competencia para proxectar, crear, mediar e transformar a educación

Que se traduza nunha escola flexible, coherente, procesual e de calidade, repensando conxuntamente a idea de educación e de escola que dende as primeiras idades se pretende construír.

O persoal educativo como axente de mediación, transformación social, como colectivo que pretende dinamizar e potenciar a actividade comunitaria mediante a creación dos espazos para o diálogo e o debate, promovendo valores e accións comunitarias sobre as preocupacións e responsabilidades sociais.

APRENDER A VIVIR COS OUTROS

A comprensión do outro: participación e cooperación ao longo de toda a vida

A competencia de xerar e promover relacións de confianza e colaboración coas familias. O desenvolvemento do neno nítrese dos dous contextos, considerando fundamental o establecemento dunha relación positiva entre familia e escola, baseada no respecto e nunha aprendizaxe a través do diálogo. Nesta relación é necesario o intercambio de información bidireccional e a creación dun clima de vínculos de afecto que dean seguridade e confianza.

A competencia para o traballo en equipo, a través da comunicación, do respecto e dunha actitude flexible e aberta. Este é un dos principais recursos educativos e formativos. É a chave de aprendizaxes creativas, cooperativas e compartidas.

A competencia de descubrir necesidades e potencialidades dun contorno do que poder aproveitar e enriquecerse mutuamente de cara á construción dun proxecto coherente e compartido.

4.3.4.2. Traballo en equipo

Para a construción dun proxecto de escola sólido e de calidade necesitamos a implicación e a participación de todos os membros da comunidade educativa.

As relacións entre as persoas ocupan un papel importante en moitos ámbitos da vida. No eido da educación, estas relacións son fundamentais a diversos niveis. As dinámicas que se orixinan entre os implicados no proceso de ensinanza-aprendizaxe dun mesmo centro ou dentro dunha rede (de centros ou de profesionais), crean un ambiente favorable ou desfavorable segundo se organicen e xestionen. Neste senso, garantir o bo funcionamento da escola pasa por un esmerado coidado do traballo en equipo que é entendido como un verdadeiro recurso educativo.

Nunha escola que traballa en equipo é fundamental a participación de todos os membros: referímonos non só ao persoal considerado estritamente educativo senón a todo o persoal do centro, xa que todas as persoas que forman parte dunha escola infantil (familias, axentes do contorno, outros profesionais) teñen algún tipo de responsabilidade educativa. Esta participación é necesario fomentala, coidala e organizala de cara á mellora do proxecto educativo que ten a súa concreción na proposta pedagóxica.

A aprendizaxe xérase a partir da interacción e relación cos outros, que achegan coñecementos e puntos de vista que axudan a avanzar. No traballo conxunto de discusión e revisión do que se fai na escola, constrúese un espazo de escoita activa e aprendizaxe que se debe coidar para manter a calidade educativa.

A educación dende as primeiras idades é unha tarefa común que todas as persoas que traballan na escola infantil 0-3 fan de maneira coordinada e coherente, axudando e colaborando na construción dun proxecto compartido. Por isto, resulta fundamental vivenciar este traballo en equipo como oportunidade: intercambio de ideas, contraste de opinións, procura de solucións de mellora,... promovendo a idea de que se aprende en interacción cos demais. A comunicación, a colaboración, a coordinación, a empatía, a escoita activa, a ilusión, o compromiso,... son pezas chave para que esta forma de traballo sexa posible.

Levar á práctica o traballo en equipo é un reto para os profesionais, xa que os diversos puntos de vista requiren dunha boa dose de diálogo, escoita activa e a necesidade de chegar a acordos e posturas coherentes de traballo. Na escola asúmese a participación como forma de funcionamento, polo que todo o persoal ten unha responsabilidade educativa. Isto supón que para profundizar na construción dun ambiente educativo saudable é preciso, non só persoas e profesionais sensibilizados e formados para ser e estar coa infancia, senón tamén a existencia dun número de recursos humanos e profesionais por riba dos mínimos establecidos no Decreto 329/2005, que permitan pensar, crear, construír e desenvolver un contexto educativo saudable para o neno.

O traballo en equipo é un reto, é unha oportunidade para os profesionais, que posibilita:

Desde o punto de vista dos ritmos, necesidades e intereses da infancia e as súas familias:

Tempos personalizados: *ter dous referentes permítelles sentirse seguros na resposta ás súas necesidades, cunha maior atención individualizada.*

Relacións estables e diversas: *ter dous referentes permítelle ao neno e á familia, por un banda, manter na ausencia do outro o lazo afectivo cun dos adultos e por outra, propoñer diferentes estratexias na relación.*

Tempos de exclusividade: *estar sempre dispoñibles e respectar os seus ritmos. Rachar coa idea: “un no medio dun montón”.*

Desde o punto de vista das accións que se desenvolven cos pequenos e sendo coherentes coa proposta metodolóxica:

*Cambiar unha pedagogía tradicional, na que todos os pequenos teñen que facer o mesmo ao mesmo tempo, por unha **proposta individualizada**, na que nenos e nenas xogan en pequeno grupo.*

Traballar en pequeno grupo *permite escoitar a cada neno favorecendo a posta en práctica dunha educación sensorial, afectiva, emocional,...*

Desde o punto de vista do profesional:

***Dispoñer** dos recursos persoais para xerar **momentos de encontro**, que permitan afondar nun traballo de actuacións compartidas, na procura dunha coherencia e cohesión educativa.*

***O traballo en equipo permite compartir ilusións, inquedanzas, estratexias, contrastar experiencias, coordinar e establecer roles de actuación complementarios** e puntos de vista de cara á mellora educativa continua.*

***Defende unhas liñas metodolóxicas** que promoven a observación dos nenos e de nós mesmos como persoal educativo, permitíndonos autoavaliarnos para mellorar no día a día, e apoia o concepto de aprendizaxe compartida.*

4.3.4.3. A formación do profesorado

Os profesionais como axentes de transformación e mellora social

A formación enténdese como un recurso inherente á acción educativa que se desenvolve ao longo de toda a vida profesional e persoal. Débese concibila como un dereito e unha responsabilidade dos profesionais da infancia, así como das administracións educativas e dos propios centros. Hai que partir dunha análise previa das necesidades propias dos profesionais de cada escola e ter como enfoque principal as necesidades REAIS da infancia. Así pois, a formación é un dos criterios que definen a calidade da educación e, o profesorado, unha peza chave na renovación do sistema educativo, garantía da continua mellora.

A formación dentro do proxecto educativo recolle os seguintes aspectos:

O profesional da escola infantil é un construtor de coñecementos, tanto dende a súa propia práctica como dende os fundamentos teóricos. A formación tomará a reflexión como elemento principal para analizar o que un é, o que fai e o xeito de facelo. Ademais, ofrece a posibilidade de desenvolver unha serie de capacidades baseadas na investigación e na capacidade de construír novas realidades educativas en sintonía co neno, coa familia e a comunidade, onde o punto de partida sexa a motivación intrínseca de cada profesional.

As administracións como facilitadoras

Para a construción destas realidades é necesario que exista unha implicación directa por parte da administración ofrecendo alternativas formativas, tal e como se recolle na L.O.E. no seu artigo 102.

As administracións deben apostar pola formación dos profesionais como piar base da calidade da primeira infancia. Nas escolas infantís 0-3 é fundamental a formación permanente.

Para que os profesionais poidan desenvolver esta formación, a administración debe realizar unha proposta formativa cunha axeitada cohesión entre os aspectos teóricos e prácticos, de forma que teña unha aplicación inmediata na propia tarefa profesional. No deseño e planificación é preciso ter en conta os seguintes aspectos:

1. A consideración da diversidade de intereses, ritmos e necesidades para desenvolver as potencialidades dos nenos de maneira integral e acompañar ás familias neste proceso educativo.
2. Afondar na actualización científica, psicopedagóxica e cultural coa finalidade de perfeccionar a actividade profesional.
3. Potenciar a importancia do traballo en equipo e a participación activa en experiencias de tipo cooperativo, que supón unha vantaxe potencial tanto no plano individual como no colectivo.

Os centros como espazos compartidos para a reflexión

A formación debe considerarse como un proceso continuo e significativo que permita a interacción entre os profesionais, co obxectivo de compartir experiencias e reflexionar sobre elas para construír coñecementos significativos compartidos.

A escola é un espazo idóneo para o desenvolvemento das actividades formativas, onde o grupo afonda nun proxecto común, considerando a formación en centros como unha iniciativa que parte do equipo da escola respondendo ás necesidades derivadas da práctica diaria: organización de espazos, tempos e materias, o blogue, o traballo en equipo, o papel do persoal educativo, a importancia das familias na escola... A formación en centros enténdese como fórmula fundamental, considerando que as escolas aprenden do seu quefacer, coa innovación e a investigación sobre a súa práctica educativa, partindo da experiencia, da reflexión continua e da procura de melloras.

A formación é especialmente valiosa cando se fai con todo o equipo e outros profesionais co compromiso de que redunde na acción educativa. As oportunidades de formación en equipo deben implicar o firme compromiso de aplicar as conclusións máis consensuadas e significativas, sendo un elemento máis de cohesión educativa e grupal.

Loris Malaguzzi di que “dispoñer de profesionais adecuadamente formados é un dereito do neno e da nena”

En resumo a formación ten que ir encamiñada á transformación socioeducativa cara un modelo de escola inclusiva que atenda á diversidade dende o aspecto emocional,

físico, intelectual e social, nun contexto facilitador do desenvolvemento global dos nenos en estreita colaboración coa familia.



4.3.4.4. A ética profesional

Este apartado reflicte a importancia de medrar como profesional da infancia, o que supón a reflexión persoal e compartida sobre a propia actitude vital e profesional, o contexto que rodea a ensinanza e sobre as posibilidades que temos de transformar esta realidade.

A ética dos profesionais é un punto central para construír e reforzar:

Ética dos profesionais en relación á infancia

Os principios éticos cobran sentido dende a práctica porque a mellor maneira de aprender é facendo. Non se trata de coñecer só estes principios, temos que levalos á práctica nas relacións con toda a comunidade educativa. A continuación, establécese unha distinción da ética dos profesionais en relación aos pequenos, ás familias, ao equipo educativo, á comunidade e á sociedade.

*Loris Malaguzzi
di: “Sen alegría non
se pode educar”*

Nas primeiras semanas, nos primeiros meses, nos primeiros anos, nas actividades de **atención persoal**, os nenos adquiren as experiencias decisivas para o desenvolvemento da súa personalidade. É por iso que un xesto delicado, unha palabra amigable, non son suficientes, é necesario que perciban que as nosas palabras se dirixen a eles,

que esperamos e estamos pendentes das súas respostas; coa súa mirada, coas súas palabras, coas súas mans, co seu sorriso e a súa voz.

Esta atención individualizada debe apoiarse en alicerces que garantan a dispoñibilidade do adulto e a calidade desta interacción e mediación cos nenos:

- a) Transmitir seguridade e confianza nas potencialidades dos nenos aceptando a súa diversidade.
- b) O tacto profesional será delicado, discreto, cheo de afecto e de escoita activa, onde se establecerá unha relación de colaboración e confianza entre o adulto e o neno, favorecendo unha atención respectuosa e sensible. Teranse en conta todas as accións: a maneira de coller e dirixirse ao neno, a linguaxe corporal, a fala, as actitudes, o ton de voz,... promovendo a súa cooperación.
- c) Destacar o valor educativo do cotián na vida da escola, defendendo a importancia do tempo de escoita e diálogo, do axuste ás necesidades, intereses e ritmos individuais, da necesidade de momentos para crear, compartir espazos de xogo e ledicia.
- d) A actitude do profesional deberá encamiñarse a dedicar tempos de atención individualizada, xa que estes momentos de intimidade favorecen o establecemento dos lazos afectivos garantes dunha boa estabilidade emocional.

É a nosa mirada positiva ou negativa a que lle devolve unha imaxe ao neno, como devolvamos esa imaxe, así se vai construír a súa identidade.

Ética dos profesionais en relación ás familias

A participación da familia na escola resulta imprescindible polo que o profesional ten que construír un proxecto conxunto con elas a través do diálogo, reflexión, compromiso, intercambio e consenso.

A relación entre o profesional e a familia ten que ser bidireccional, polo que as actuacións encamiñaranse cara a uns principios básicos:

- Partir de relacións igualitarias, confiando nas súas competencias e capacidades.
- Fomentar a escoita activa comprendendo empaticamente as súas vivencias e emocións, aprendendo de e con elas, recoñecendo os seus puntos fortes e capacidades,...
- Favorecer o respecto mutuo, o dereito á toma de decisións, aceptar a súa diversidade para que as relacións sexan verdadeiramente construtivas.
- Ofrecer espazos e momentos para compartir e intercambiar información e propostas, facilitar recursos, potenciar múltiples canles de comunicación e convidar á participación real.

O obxectivo do profesional será conseguir que as familias sintan que forman parte activa da escola.

Ética dos profesionais en relación ao traballo en equipo

A integración dun equipo de traballo debe incluír na súa concepción: aceptación, optimismo, colaboración, sinceridade, respecto, confianza e harmonía. Tendo en conta isto, as actitudes do profesional para axudar a que se desenvolva un bo traballo en equipo son, entre outras:

- Propiciar unha estrutura flexible, con valores e visións compartidas para lograr un óptimo desenvolvemento.
- O logro de metas, o cumprimento de responsabilidades, a dedicación son importantes elementos que hai que ter en conta nas cualidades dun bo equipo.
- É importante valorar, aceptar e compartir distintas achegas dos compañeiros, que axudan a ampliar coñecementos e posibilita que se argumente e favoreza a aprendizaxe.
- O esforzo persoal, a participación activa e a calidade de escoita serán actitudes fundamentais.

É moi importante a implicación de todo o equipo, xa que todos aportan e importan, tanto as ideas como as persoas en si mesmas.

Ética dos profesionais en relación coa sociedade e a comunidade

O enfoque da educación na sociedade actual non pode ser un proxecto illado dos centros educativos. A función do profesional debe ter en conta a multitude de relacións que se establecen ao seu redor.

Para acadar unha óptima integración da escola na comunidade, os profesionais deben manter unha serie de actitudes, como son:

- Desenvolver unha actuación profesional acorde cos valores que afectan a convivencia en sociedade tales como a liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo, tolerancia, comprensión, cooperación, respecto e sentido crítico.
- Fomentar a cooperación coa comunidade e coas diferentes entidades e profesionais que traballan coa primeira infancia (saúde, benestar, educación,..) valorando o contorno como recurso relacional e non como un simple elemento puntual.
- Manter un espírito crítico e unha actitude humilde, reflexiva e comprometida coa mellora das condicións nas que se desenvolve a vida social e en relación sustentable co contorno.

Educar é un reto que temos que afrontar conxuntamente toda a sociedade. É imprevisible que asumamos a nosa parte de responsabilidade e sobre todo que saibamos compartila entre todos e todas.

4.3.5. A rede como comunidade de aprendizaxe

Traballar en rede implica establecer unhas bases para crear unha comunidade de aprendizaxe, cun marco educativo común, na que se pon á súa disposición unha sinerxía de recursos para ir intensificando e estreitando as relacións entre as escolas. A motivación fundamental é traballar de xeito coordinado, cunha visión de aprendizaxe cooperativa que ten como fin último a atención de calidade á infancia, potenciando o seu desenvolvemento global. Para que esta relación sexa posible unha rede de escolas debe contar con **tres recursos**:



Comunidade educativa de escolas (nenos, familias, outras escolas, profesionais, recursos do contorno,...): son espazos e tempos de encontros nos que se conforma un banco de ideas e recursos que busca compartir, confrontar e intercambiar experiencias na construción dun marco educativo común, nunha rede de apoio mutua xeradora de novas achegas que retroalimenten unhas aprendizaxes conxuntas cara unha sociedade centrada na infancia.

Equipo de dinamización: é un grupo de profesionais das escolas que ten entre as súas funcións: dinamizar, identificar e difundir as boas prácticas, apoiar, acompañar, asesorar pedagoxicamente e axudar os equipos educativos na procura continua e constante da mellora na atención educativa aos pequenos e ás familias.

As funcións que se desenvolven fan referencia: ao apoio pedagóxico; á formación permanente; á documentación e recursos; á investigación, innovación e experimentación; á dinamización; á planificación de aperturas e posta en funcionamento das

novas escolas no ámbito pedagóxico; á coordinación educativa e á realización dos documentos marco, mediante a reflexión e o traballo compartido entre os distintos axentes, na procura dunha evolución progresiva na calidade educativa do 0-3.

Servizos de xestión (administrativos, técnicos e xestores): son un elemento coordinador entre todos os compoñentes da xestión da comunidade de escolas infantís. Entre outros recursos están os seguintes: xestión de centros, servizos xurídico-administrativos, de xestión de persoal, servizos de contabilidade, recursos tics,... Estes deben axudar a xerar ferramentas que facilitan, axudan e apoian as tarefas educativas nun centro, planificando e distribuindo os recursos necesarios para unha boa organización e funcionamento dos mesmos.

A metodoloxía do traballo en rede é unha maneira efectiva de compartir información, de aprender da experiencia do outro, de traballar conxuntamente, xerando un efecto multiplicador de recursos.

Neste traballo en rede dánse certos requisitos que é necesario ter en conta:

Compartir obxectivos e finalidades comúns a todas as escolas (proxecto educativo)

Favorecer a identidade das escolas que conforman a rede.

Apostar por un sistema de organización horizontal como alternativa a unha relación xerárquica.

Aceptar e favorecer o vínculo relacional entre as escolas, como mecanismo potenciador que permite a consecución de obxectivos e o seu autodesenvolvemento.

Estar dispostos a compartir e difundir información e coñecementos.

Respectar, aproveitar e aprender coa heteroxeneidade que se dá entre as diferentes escolas.

Valorar a participación e o rol dinámico dos integrantes da rede.

Recoñecer as fortalezas, potencialidades, debilidades e carencias propias de todas as partes, sexan estas permanentes ou transitorias.

Cada parte contéplase como un membro activo da rede e isto axúdanos a setirmos acompañados no noso traballo e facernos visibles na sociedade.

4.3.6. Momentos do cotián

A vida dos nenos durante os seus primeiros anos xira maioritariamente en torno ao xogo e aquelas actividades destinadas a cubrir as súas necesidades básicas. Nestas actividades interveñen un cúmulo de sensacións que lles permite establecer toda unha serie de relacións e asociacións que lles facilitan a adquisición dos primeiros coñecementos, habilidades e a comprensión das situacións vividas.

Virvir implica decidir que é importante no cotián.

Un dos elementos transversais que incide directamente nas formas procesuais de afrontar, por parte dos nenos, a súa aprendizaxe, o seu coñecemento e a relación co mundo que os rodea, é o xogo. Neste proceso do xogo, cada un ten unha forma individual de aprender e afrontar esa aprendizaxe. Por iso, é preciso atender esa diversidade de nenos que necesitan dun contexto situacional (afectado social e emocionalmente) que traslade aos pequenos unha diversidade de organización espazo-temporal e de material ao alcance deles, e que lles permita unha interacción rica, variada, flexible e libre na acción.



A interiorización a través da posibilidade de relación individualizada coa persoa adulta e/ou co seu igual, o establecemento de relacións afectivas, a exercitación da súa autonomía e o proceso socializador son, entre outros, algúns dos aspectos que as converten nunhas actividades non só privilexiadas, senón tamén insubstituíbles para o desenvolvemento das capacidades e aprendizaxe dos nenos, así como para o seu benestar.

Nesta etapa educativa son fundamentais as relacións afectivas, a seguridade, a confianza e o respecto a través dos que se adquiren todas estas aprendizaxes partindo dun traballo conxunto de toda a comunidade educativa (pequenos, familias, profesionais, contorno,...). É por iso, que as experiencias que se proporcionan na escola a través dos momentos do cotián deben garantir:



Estes momentos do cotián ademais de dar resposta ás súas necesidades biolóxicas garanten e promoven o desenvolvemento infantil:

Axudando a que os nenos tomen conciencia de si mesmos, das súas sensacións e posibilidades corporais.

Estimulando e alimentando continuamente o mundo dos sentidos, favorecendo a comprensión da realidade.

Facilitando a adquisición e desenvolvemento da linguaxe e do coñecemento matemático por producirse nun contexto extremadamente significativo para o neno.

Sendo decisivas para o establecemento de relacións emocionais (contactos corporais, xestos, demandas, respostas verbais, aloumiños,...).

Fomentando o exercicio da autonomía persoal, porque estes momentos son significativos para os nenos, e permítenlles adquirir iniciativa, autoestima, autoconcepto, responsabilidade e, á súa vez, desenvolver capacidades fundamentais, como aprender a organizarse, prever e resolver dificultades.

Favorecendo a continuidade entre dous contextos fundamentais para a infancia: a familia e a escola, xa que son situacións que se desenvolven nos dous contornos e posibilitan relacións bidireccionais entre os mesmos.

Os momentos que se repiten cada día nunha escola son fundamentais para o desenvolvemento psicofísico, cognitivo, socio-afectivo e emocional de cada neno, que permiten comezar a construír:



- Referentes afectivos coas persoas que interaccionan diariamente cos nenos, cos espazos e cos materiais que os rodean.
- Estructuras temporais.
- Percepcións corporais.
- Emocións e situacións que ata o de agora eran descoñecidas para eles.
- Conceptos e coñecementos.
- Estratexias (clasificar, ordenar, seriar, identificar, enriquecer instrumentalmente,...).

Pola súa significación diaria, estes son uns dos momentos compartidos máis ricos cos nenos e teñen unha significatividade afectiva moi forte, xa que están presentes tanto no ámbito da familia como da escola.

4.3.7. Ambiente lingüístico

Os nenos aprenden un código de comunicación que relaciona os acontecementos e as accións da vida cotiá como vehículo da súa identidade e manifestación do seu pensamento. Os elementos que axustan estes factores da comunicación son a com-



preensión e a expresión oral, corporal, artística,... Así pois, cantas máis experiencias interesantes, vivas e ricas teña e canto maior sexa o acompañamento que reciba para falar sobre elas, mellor aprenderá a facelo.

O neno está feito de cen.
O neno ten cen linguas,
cen mans, cen pensamentos,
cen maneiras de pensar,
de xogar, de falar.
Cen, sempre cen
maneiras de escoitar,
de asombrarse, de amar,
cen ledicias para cantar e
comprender,
cen mundos que descubrir
cen mundos que inventar
cen mundos que soñar.
O neno ten cen linguas,
e outras cen, e outras cen,
pero roubáronlle noventa e
nove..."
A escola e a cultura
separáronlle a cabeza do corpo.

Dinlle: pensa sen mans, actúa sen cabeza,
escoita e cala,
comprende sen ledicia
ama e marabíllate
só por Pascua ou no Nadal.
Dinlle:
descobre o mundo que xa está,
e de cen róubánlle noventa e nove.
Dinlle: que o xogo e o traballo,
a realidade e fantasía
a ciencia e a imaxinación
o ceo e a terra
a razón e o soño
son cousas que non van xuntas.
Dinlle en resume: que o cen existe.
O neno, en cambio, di:
O CEN EXISTE!!!

As cen linguaxes do neno. Loris Malaguzzi.

Nacemos coa capacidade de comprender e falar en máis dunha lingua, pero para que esta poida desenvolverse, é necesario que alguén teña a intención de comunicarse con nós, e que nos falen nesa ou noutras linguas. Tendo en conta isto, debemos aproveitar o noso contacto diario coa infancia, xa que as escolas infantís son lugares propicios para aprender as linguas, porque nelas os nenos teñen grandes posibilidades de establecer interaccións comunicativas frecuentes cos adultos así como cos seus iguais.

Os nenos aprenden a falar cunha persoa que se adecúa ás súas necesidades de comunicación cando fai cousas que lle resultan interesantes: colocando as pezas dun crebacabezas, "axudando" a facer as tarefas domésticas, imitando o que fai o adulto, comentando xuntos as imaxes dun libro, xogando xuntos a algo e en tantas outras situacións da vida cotiá.

As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade. Tendo en conta a realidade socio-lingüística de Galicia nas escolas infantís terase presente:

- **Segundo a UNESCO**, a diversidade lingüística é un elemento esencial de diversidade cultural. As linguas, compoñentes primordiais da cultura, instrumentos e medios de comunicación, son así mesmo un factor esencial na constitución da identidade dos individuos e dos grupos.
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia**, concretamente no artigo 5, se contempla que os profesionais da educación promoverán na aula a utilización da lingua materna tendo en conta a lingua do contorno, e procurarán que o alumnado tome contacto coa outra lingua oficial de Galicia a través das diferentes actividades que se desenvolven na escola.

Por último, convén lembrar que a base deste desenvolvemento é o clima de afectividade con que o adulto rodea ao neno, que é o que posibilita e fai agradable a comunicación entre ambos os dous. Como noutras aprendizaxes, a percepción, o sentimento e o pensamento están estreitamente unidos na aprendizaxe da lingua. Ao coidar desas percepcións e deses sentimentos o adulto coida a comunicación, o lugar onde a lingua nace e se desenvolve.

4.3.8. Principios metodolóxicos

A educación é susceptible de ter diferentes perspectivas. A esixencia de orientar e de dar un sentido inequivocamente educativo ao primeiro ciclo de educación infantil, conduce á necesidade de facer explícitos os principios metodolóxicos que deben enmarcar e guiar a acción pedagóxica nesta etapa.

Os fundamentos teóricos dos principios metodolóxicos constitúen un labor sintético e moi elaborado de distintas tendencias (escola nova, teoría social, cognitiva,...).

Os principios de intervención educativa encádranse nunha concepción construtivista da aprendizaxe e da intervención pedagóxica, segundo a cal son os nenos e nenas os que constrúen, modifican, enriquecen e diversifican os seus esquemas. A axuda pedagóxica consiste en crear condicións axeitadas para que se produza esta dinámica interna.

A continuación, presentamos algúns dos **principios metodolóxicos** que deben acompañar a práctica educativa:



COIDAD DAS EMOCIÓN

Porque...

- Non se trata do que os nenos incorporan (coñecementos, destrezas, experiencias,...) senón do que expresan de si mesmos (fantasías, inseguridades, medos,...).
- O seu mundo interior é algo que necesitan coñecer, controlar e expresar a través da autorregulación, ao compartir cos demais,...

Como...

- Animando aos nenos a expresar os seus pensamentos e emocións.
- Desenvolvendo confianza a través dun ambiente seguro.
- Axudando os nenos a avanzar na resolución de conflitos.



ESCOITA ACTIVA

Porque...

- É unha habilidade fundamental, tanto para tecer o noso pensamento co dos demais, como para estar atento e sensible ás necesidades e emocións das persoas coas que estamos a comunicarnos.
- Permite xerar unha dispoñibilidade para atender as distintas necesidades.

Como...

- Proxectando accións ou propostas que dean respostas ás necesidades do outro.
- Poñéndose á “altura dos pequenos”.
- Tendo en conta a importancia da comunicación-interacción.
- Dispoñendo dun ambiente que favoreza a relación co outro.



AMBIENTE DE SEGURIDADE E CONFIANZA

Porque...

- Supón o establecemento de relacións afectivas baseadas na xeración de expectativas positivas de cara ao neno.
- Só ao sentirse seguro e confiado poderá gozar de todas as oportunidades.
- O ambiente de aprendizaxe é un elemento educativo. O neno, como ser activo, ten a oportunidade de relacionarse cos diferentes elementos do contorno.
- Se entende a escola infantil como un lugar para convivir (ser, estar, medrar,...)

Como...

- Partindo da calma afectiva e persoal, sentíndose seguro, aceptado e valorado no contorno social: o neno pode arriscarse ao desequilibrio cognitivo necesario para a aprendizaxe.
- Observando se o neno se atopa en sintonía co contexto onde se pode expresar e ir descubrindo a súa identidade persoal.
- Mediante a avaliación sábese se existe un verdadeiro benestar emocional.



INDIVIDUALIZACIÓN

Porque...

- Supón coñecer e adaptarse aos diferentes momentos evolutivos, á variedade de intereses e posibilidades cognitivas, socioafectivas e psicomotrices dos nenos.
- O neno é único, individual e orixinal, por iso, é imprescindible o respecto polos seus ritmos, intereses e necesidades.
- A **creatividade e a motivación** impulsan esta individualización.
- Implica respecto e coidado das emocións.

Como...

- Facendo propostas educativas simultáneas que permitan ao neno elixir.
- Favorecendo o xogo en áreas diferenciadas.
- Creando oportunidades para a construción e expresión do pensamento diverxente, fuxindo da homoxeneización.
- Partindo sempre do xogo como necesidade vital da infancia.



SOCIALIZACIÓN

Porque...

- É o resultado da interacción entre o neno e o grupo social onde vive, este contexto sociorrelacional condiciona o seu desenvolvemento.
- Supón a adquisición por parte do neno daqueles costumes, roles sociais, valores, normas,... que a sociedade lle transmite a través dos seus axentes sociais (os iguais, a familia, a escola).
- O ser humano está preparado xeneticamente para ser social, por iso precisa do contacto e da interacción para o crecemento persoal, inclusive para que funcionen os elementos motivadores.

Como...

- Favorecendo experiencias de relacións baseadas na construción do pensamento crítico afastándose dos elementos que nos levan a unha alienación deste.
- Promovendo xogos ricos e variados: espazos heurísticos, simbólicos,...
- Facilitando a satisfacción das súas necesidades básicas para que se dean as condicións que permitan experiencias sociais prazenteiras.
- A interacción dos nenos é posible a partir de experiencias de xogos diversos a través de dinámicas interpersoais.



PRINCIPIO DE ACTIVIDADE, EXPERIMENTACIÓN E INTERACCIÓN

Porque...

- O neno está inmerso nun intenso proceso de desenvolvemento que xera unha gran actividade, principal protagonista da aprendizaxe nestas idades.
- Favorece a curiosidade e a actividade innata ao desenvolvemento, o neno constrúe o seu pensamento.
- O neno aprende a través das súas accións, cos outros, co contorno, cos obxectos,...

Como...

- A través dos sentidos, actuando, manipulando, explorando e experimentando con obxectos e materiais diversos.
- Mediante as actividades cotiás como elemento motivador.



PRINCIPIO DE COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN

Porque...

- A existencia dun traballo en equipo implica asegurar coherencia e continuidade na acción docente.
- O centro comparte coa familia o seu labor educativo, completando e ampliando as súas experiencias formativas, por iso escola e familia deben estar en estreita colaboración e coordinación.
- O contexto social enriquece a vida da escola, á vez que a escola axuda a medrar o contorno.

Como...

- Promovendo un diálogo aberto e constante entre os diversos axentes da comunidade como algo fundamental para poder medrar e aprender xuntos.
- Entendendo e sentindo que neste diálogo todas as partes se complementan: xerando comunidades educativas abertas ao cambio, á xeración de novos pensamentos e interrogantes que avivan a identidade de cada un dos seus integrantes.
- Establecendo un ámbito relacional baseado na comunicación e no respecto.

A elección dos sinais de identidade dun centro implica algo complexo e rico, onde a totalidade das persoas que o configuran se poñen en xogo para a construción dunha escola onde poder compartir experiencias, vivencias, afectos,...





5. ESTRUTURA E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

rede de escolas infantís de Galicia

5. ESTRUCTURA E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

Trátase de recoller por escrito como se estrutura o centro para un funcionamento coherente, consensuado e válido para todos e todas.

É necesario para unha boa organización definir as funcións e responsabilidades que existen no centro é ter en conta todos os elementos que interveñen na escola: alumnado, persoal, horarios, espazos, criterios de uso de materiais e recursos didácticos, normas de funcionamento xeral,...

Para responder axeitadamente ás necesidades dos nenos nun contorno cambiante a través da mellor utilización de todos os medios e recursos dispoñibles é de gran importancia establecer unha **organización áxil e fluída**, que facilite a comunicación entre os distintos sectores da comunidade educativa e que reflecta o modelo democrático da nosa sociedade.

Considérase básica a **coordinación** entre todos os elementos que constitúen a comunidade educativa da nosa escola: dirección, persoal docente, persoal non docente, consello escolar, nenos e familias.

5.1. Organigrama e funcións

5.1.1. A figura de dirección como coordinadora de equipo de traballo

A idea de escola, de infancia, de relación co contorno, a presenza activa das familias, dálle unha nova dimensión ao traballo na dirección, na capacidade que se necesita para facer que todas as pezas que constrúen a escola teñan unha perfecta engranaxe e así acadar os piares fundamentais do noso proxecto educativo.

Unha figura de **coordinación pedagóxica** con disposición para negociar, saber escoitar, empática, que valora a opinión dos outros, que destaca e atende ao detalle o seu traballo, que é capaz de manter unha visión global do funcionamento da escola, e que posúa, entre outras, as seguintes **calidades**:

- Velar polos intereses, dereitos e necesidades da infancia.
- Saber escoitar e comprender o punto de vista do persoal educativo pero que entende que iso non significa que sempre deba aceptalo. A negociación ten necesariamente como obxectivo acadar actuacións que estean en consonancia co proxecto educativo da escola.
- Delegar competencias para favorecer o desenvolvemento profesional das outras persoas que traballan conxuntamente na escola.

- Asegurar que as distintas canles de comunicación diaria e vías de colaboración e participación funcionen eficazmente; isto supón, entre outras actuacións: realizar visitas frecuentes a todas as aulas, a organización de xuntanzas de todo o equipo como elemento que axuda a mellorar a comunicación, destrezas e a capacidade de reflexión de todo o equipo,...
- Promover a formación permanente e o desenvolvemento profesional do persoal e de si mesmo, así como o coidado e benestar dos mesmos.

En definitiva, entendemos a figura da dirección como deseñadora, creadora, mediadora, innovadora, reflexiva, investigadora, guía, dinamizadora,... A construción dun liderado compartido é un factor de vital importancia para a eficacia e a eficiencia da escola.

5.1.2. A figura do persoal educativo como piar da escola

O persoal da escola infantil (mestres, educadores e en xeral todo o persoal educativo) enténdese como unha figura con coñecemento da infancia, con capacidade de adaptación ás necesidades dos nenos e capacidade de xestión e con principios éticos, sendo unha persoa paciente, que discrimina as prioridades, con grandes doses de creatividade e que goza do exercicio da súa profesión.

Un **profesional** reflexivo, mediador, axente activo, innovador, que observa, canaliza, e que interpreta a práctica do seu quefacer diario de xeito crítico e comprometido coa mellora do seu facer profesional e social.

En definitiva, persoal educativo que exerce un **liderado transformacional**, apostando polo seu potencial profesional en beneficio do conxunto da comunidade educativa. O liderado debe estenderse a toda a escola (non só á figura de dirección), a través dun profundo compromiso coa súa acción educativa, xa que eles son os responsables de xerar os contextos de aprendizaxes significativos, promovendo unha cultura propia e colaborativa.

5.1.3. A figura do persoal non docente como peza chave na organización da escola

A figura do persoal non docente polo seu papel específico e polivalente, é sempre importante na vida das escolas. As características propias do traballo do persoal non docente e a súa colaboración na dinámica escolar, fan que se estableza unha estreita relación con todos os axentes educativos.

A escola infantil 0-3 supón un sistema de relacións e interaccións entre todas as partes que actúan e colaboran conxuntamente para a construción dun proxecto compartido e común, o persoal non docente ten un importante labor desde o momento que facilita e fai posible que: os espazos, materiais e recursos estean en axeitadas condicións de limpeza, apoio en cociña, na preparación do momento do comedor,

na recepción das familias e nenos, no lavado de roupa, xunto a tarefas administrativas básicas; todo isto é fundamental para permitir a mellora continua das prácticas diarias.



Exemplo de organigrama dunha escola de cinco unidades

5.2. Órganos do centro

Neste apartado inclúense as estruturas que fomentan a participación dos diferentes recursos persoais da comunidade educativa da escola para así favorecer un funcionamento transparente e participativo co fin de procurar a eficiencia e calidade educativa.

As estruturas das que estamos falando son:

- **A comisión educativa:** é un órgano colexiado composto por todo o persoal educativo da escola e un membro do equipo de dinamización. Nestas comisións educativas trabállase de xeito coordinado para elaborar os distintos documentos do centro, ao mesmo tempo que se reflexiona sobre todos aqueles aspectos nos que o equipo educativo quere aprofundar, e que inflúen directamente sobre o funcionamento e a vida da escola.

- **O consello escolar:** é un órgano do centro composto por todos os membros da comunidade educativa (familias, profesionais do centro e administración), que mediante a implicación de todos apoia a escola na mellora da calidade educativa, polo que non debe ser un simple trámite burocrático. Ten que verse como unha oportunidade de colaboración, coordinación e participación entre a escola, as familias e a administración.

ÓRGANOS DO CENTRO

CONSELLO ESCOLAR COMISIÓN INTERCENTROS

Representante do concello,
representantes das
familias e da escola

COMISIÓN EDUCATIVA

Persoal da escola e representante
de dinamización.



PROPOSTA PEDAGÓXICA

rede de escolas infantís de Galicia

6. PROPOSTA PEDAGÓXICA

As bases fundamentais do proxecto educativo quedan concretadas e identificadas na proposta pedagóxica, que recolle o **COMO** desenvolvemos as nosas accións educativas diariamente.

A acción educativa debe ter como punto de partida cuestións sobre *que, porque, para que e cando*, establecidos nos diferentes documentos de centro. Sen embargo, o que lle dá o carácter educativo a todo este mapa de elementos é o **COMO** desenvolvemos a práctica diaria, recollendo os sinais identificadores de toda a comunidade educativa, segundo uns criterios comúns e compartidos.

A proposta pedagóxica consiste precisamente nisto, en ir creando un marco de accións acordadas e coordinadas, que constrúan actuacións educativas coherentes e cohesionadas.

Así pois, o protagonista da elaboración deste marco é o equipo educativo da escola que, a través da proposta pedagóxica, pon en debate e reflexión constante os “*comos*” da realización dos procesos educativos, na procura de facer real as intencións educativas explicitadas no proxecto educativo da escola. Esta proposta é a que lle dá a propia identidade á escola e a coherencia necesaria nas súas actuacións.

En definitiva, neste punto terase que abordar cal é a función e o rol de cada elemento que intervéñ no proceso educativo dunha escola, o que ten unha propia intencionalidade a través de como esta se desenvolva.



AVALIACIÓN

rede de escolas infantís de Galicia

7. AVALIACIÓN

A avaliación é o elemento na vida das escolas que dá sentido ao proceso educativo, e ten como principal finalidade a mellora da acción educativa e da calidade do ensino, que se realiza de forma continuada, sendo necesario facela de forma consciente, analizando e reflexionando sobre o que sucede en todo o proceso de ensino- aprendizaxe. Neste sentido, a avaliación permite coñecer o que sucede na escola, poder valorar e actuar máis eficazmente, axustando as propostas educativas ás necesidades dos nenos e das familias.

O que non se avallia non se mellora.

A realización desta avaliación axuda a coñecer se as intencións educativas teñen o seu reflexo na práctica diaria, tanto no tipo de escola que se quere construír como na concepción da infancia que se está a xerar, partindo dos procesos educativos e non dos resultados.

Cabe facerse dúas preguntas fundamentais cando un está no día a día cos nenos e con calquera outra persoa:

Quen é o outro para ti?

Quen es ti para o outro?

Estas cuestións denotan un dos elementos base e chave na educación: as relacións entre os nenos, adulto-neno, adulto-adulto. Na cabeza destas relacións está, como elemento esencial e imprescindible, a comunicación e os procesos educativos que se dan durante a mesma.

Poñer o acento nas relacións é unha das cuestións base para que o contexto de ensino-aprendizaxe funcione. O contexto relacional é a base de calquera organización educativa. Os piares necesarios de ser avaliados continuamente son:

7.1. A avaliación das relacións entre os nenos e as nenas

Unha boa práctica educativa implica unha actitude constante de observación e análise non só dos nenos senón tamén da nosa intervención. Polo tanto é prioritario fixarse naquelas cuestións de índole máis actitudinal e relacional na práctica diaria: a dispoñibilidade corporal, a comunicación non verbal, o ton de voz, a nosa actitude, tipo de relación que se establece con cada un dos nenos e coas familias, tipo de mensaxes que se transmiten aos nenos,... que son os elementos base para a reflexión das

propostas educativas en relación á organización e distribución dos espazos, tempos, materiais, recursos humanos, agrupamentos e todos aqueles aspectos que inflúen no día a día.

Con esta avaliación interesa coñecer o que sabe facer o neno e aquilo que pode desenvolver nos distintos contextos, considerando a axuda que vai precisar nos diferentes momentos, favorecendo as súas potencialidades e o proceso evolutivo.

7.2. A avaliación das relacións coas familias

É esencial ter en conta que tanto a familia como escola son dous axentes principais para a educación dos nenos, xa que esta tarefa común hai que concibila como un proceso de colaboración real e aprendizaxe compartido con eles. De aí que sexa necesario que exista unha avaliación baseada no intercambio de información de maneira bidireccional, para chegar ao coñecemento e a comprensión dos pequenos e así construír unha visión e unha proposta de actuación que favoreza o seu desenvolvemento integral.

Esta avaliación non se reduce unicamente ao ámbito dos nenos (entrevistas, titorías, informes) senón que considera a planificación e desenvolvemento das diversas propostas en relación á comunicación e participación das familias que se propón por parte da escola, sendo as súas valoracións un dos puntos chave para a mellora continua das avaliacións.

7.3. A avaliación da relación no equipo da escola

Un bo traballo en equipo é a forza dun proxecto, onde o “darse conta do darse conta” implica partir do coñecemento de que os nosos actos teñen consecuencia en si mesmos, e que hai algo do que responsabilizarse. Esta é unha das bases da avaliación, o que supón a comprensión do marco de relacións dentro do equipo e a súa importancia, de cara á construción da cohesión necesaria no desenvolvemento do proxecto educativo. A influencia das relacións, dos afectos e as emocións no traballo en equipo é un aspecto que é preciso ter en conta e avaliar.

A avaliación do traballo en equipo debe comezar polo recoñecemento do **compromiso individual**, moi ligado á **profesionalidade, empatía, creatividade**, ás gañas por compartir e á **capacidade de ilusión** polo traballo. Tamén pasa pola oportunidade de escoitar e ser escoitado e polo respecto das opinións e os silencios de cada un dos que conforman o grupo de traballo.


Todas as actuacións dentro dunha escola son educativas, polo que é necesario valoralas, analízalas e reflexionalas sendo conscientes de que os conflitos existen e poden aparecer como organismo vivo. Para afrontalos é importante **organizar, planificar, priorizar, documentar e avaliar, detectando as dificultades e propondo solucións** para ser resoltas ou ben formular novos pasos que vaian enriquecendo o dito traballo grupal.

7.4. A avaliación da relación co contorno

A escola infantil é unha comunidade de aprendizaxe na que todas as persoas interactúan, colaboran e aprenden conxuntamente. Para poder avaliar esta relación co contorno deberanse ter en conta as distintas canles de participación e comunicación que se promoven dende a escola, para que os diferentes axentes se impliquen e aprendan, de xeito compartido, na vida e nas dinámicas que se desenvolven dentro dela.

Ademais, valorarase a existencia e frecuencia do intercambio de ideas, información e experiencias entre distintas persoas: profesionais, institucións e organismos,... que están vinculados cos intereses socioeducativos a través dun traballo coordinado.

Finalmente, é necesario avaliar se se están a aproveitar os recursos: socioculturais, físicos, naturais,... que ofrece o contorno como elementos de aprendizaxe e dinamizadores da propia escola, sendo de igual relevancia que a escola sexa un punto de encontro que dinamice social e culturalmente a comunidade na que está inmersa.



A modo de conclusión, a avaliación educativa é entendida como unha fonte de coherencia entre as intencións educativas e as nosas accións, na procura dun enriquecemento continuo no proceso educativo que permita coñecer o que acontece na escola, valorando e actuando de xeito construtivo e significativo.

Un dos obxectivos principais desta guía, é achegar aos profesionais as bases dunha práctica educativa que ofrezca un marco de calidade na escola infantil. Pero, que entendemos por calidade educativa?

A calidade debe partir das boas prácticas e tamén de valorar unha serie de aspectos que conflúen no proceso educativo:

- **A actitude dos profesionais**, debe partir das **necesidades** dos nenos, de que estes sexan tratados como persoas con dereitos, permitíndolles autoconstruírse e autorregularse a través da creación de contextos saudables e enriquecedores. As diferentes relacións establecidas por medio da comunicación continua, promoven a transmisión dunha serie de valores que deben partir do respecto do ritmo dos nenos e da súa liberdade de acción.
- A creación dun **ambiente educativo** no que a tenrura, o afecto e a calidez das interaccións, así como a organización dos espazos e dos tempos, se faga cunha mirada atenta, paciente, que permita acompañar ao neno no seu proceso de desenvolvemento e, polo tanto, a toma de decisións e a adquisición da súa autonomía.
- **Observar, escoitar para coñecer, comprender, sorprender e deixarse sorprender**, ten que formar parte da práctica do día a día, ofrecéndolle confianza para que poidan emerxer as súas potencialidades latentes; todos somos competentes.
- **Os momentos do cotián entendidos como momentos ricos e privilexiados pola cantidade de aprendizaxes, a través do xogo, que comportan e/ou aportan e pola súa significatividade emocional**, sendo momentos presentes e vivenciados nos ámbitos nos que se desenvolven, principalmente familia e escola.
- **A familia** como elemento chave na construción de aprendizaxes compartidas.
- **Avaliar como parte do proceso da práctica educativa, mantendo un espírito crítico cun mesmo e co que se leva a cabo**. A formación continua axuda neste labor de análise, reflexión, crítica e axuste das nosas accións, medrando como profesionais. A actitude vital receptiva e de reflexión continua, fainos conscientes de que as interaccións deixan unha imaxe sensorial, unha lembranza, uns sentimentos, rexistrados internamente e que nos constrúen como persoa. As nosas prácticas teñen unhas repercusións na psique humana, que nos leva a que se deba partir dunha conduta para chegar á lóxica, á coherencia e ao avance na

realidade educativa. Conciencia, consciencia e vontade son elementos básicos para as boas prácticas.

En definitiva, a calidade educativa mídese pola creación de marcos educativos que xeren un desenvolvemento saudable do neno:

A saúde é un concepto que ten unha ampla marxe conceptual, tal e como sinala na súa definición a Organización Mundial da Saúde: (OMS, 1946) “a saúde é un estado de completo benestar físico, mental e social, e non soamente a ausencia de afeccións ou enfermidades” (p.1). Neste eido cabe salienta outra definición que fai Brock Chisholm, primeiro Director Mundial da Organización Mundial da Saúde, que define a educación como un estado completo de benestar físico, mental e social, que non soamente consiste nunha falta de enfermidade ou imperfección; asistencia que achega o medio ao crecemento psicolóxico do ser humano para permitirlle o desenvolvemento dunha personalidade orixinal e rica, individual e socialmente normal. Conclúe a súa definición destacando que os datos da ciencia psicosomática revelan a influencia do psiquismo no organismo e confiren a educación un auténtico papel de medicina preventiva para o individuo e a sociedade.

CRER NO NENO PARA CREAR UN PROXECTO DE ESCOLA



REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS E LEXISLATIVAS

rede de escolas infantís de Galicia

8. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS E LEXISLATIVAS

Libros

- Abad, J. e Ruiz, A. (2011). *El juego simbólico*. Barcelona: Graó.
- Alfonso, C. et al. (2003). *La participación de los padres y madres en la escuela*. Laboratorio Educativo.
- Armstrong, T. (2006). *Las inteligencias múltiples en el aula: guía práctica para educadores*. Barcelona: Paidós Educador.
- Arnaiz, V. (2005). *Jugar jugar... El oficio de crecer*. Barcelona: Graó.
- Antón, M. (coord.) (2007). *Planificar la etapa 0-6: compromiso de sus agentes y práctica cotidiana*. Barcelona: Graó.
- Aucouturier, B. (2007). *Los fantasmas de acción y la práctica psicomotriz*. Barcelona: Graó.
- Aucouturier, B., Danneels, P., Dezutter, O. e Frankard, A-Ch. (2004). *Miedo a nada... miedo a todo... El niño y sus miedos*. Barcelona: Graó.
- Aucouturier, B., Mendel G. (2007). *¿Por qué los niñas se mueven tanto? Lugar de acción en el desarrollo y la maduración psicológica de la infancia*. Barcelona: Graó.
- Barudy, J. e Dantagnan, M. (2005). *Los buenos tratos a la infancia*. España: Gedisa.
- Bassedas, E., Huguet, T. e Solà, I. (1998). *Aprender y enseñar en educación infantil*. Barcelona: Graó.
- Bonàs, M., et al. (2002). *Entramados. La experiencia de una comunidad de aprendizaje*. Barcelona: Graó.
- Borghi, Q. (2011). *Educar en el 0-3*. Barcelona: Graó.
- Bosch, E. et al. (2002). *Hacer plástica. Un proceso de diálogos y situaciones*. Octaedro.
- Bowlby, J. (1986). *Vínculos afectivos: formación, desarrollo y pérdida*. Madrid: Morata.
- Brazelton, T. B. e Greenspan, S. I. (2005). *Las necesidades básicas de la infancia: lo que cada niño o niña precisa para vivir, crecer y aprender*. Barcelona: Graó.
- Bronfenbrenner, U. (1987). *La ecología del desarrollo humano*. Barcelona: Paidós.
- Bruner, J. (1988). *Desarrollo cognitivo y educación*. Madrid: Morata.
- Cabanellas, I. (2008). *Ritmos infantiles. Tejidos de un paisaje interior*. Barcelona: Octaedro.
- Cabanellas, I. e Eslava, C. (coords.) (2005). *Territorios de la infancia: diálogos entre arquitectura y pedagogía*. Barcelona: Graó.
- Coll, C. (1991). *Aprendizaje escolar y construcción del conocimiento*. Buenos Aires: Paidós.
- Dahlberg, G., Moss, P., Pence, A. (2005). *Más allá de la calidad en la educación infantil*. Barcelona: Graó.
- Decroly, O e Boon, G. (1968). *Iniciación general al método Decroly*. Buenos Aires: Losada.
- De León, A., Malajovich, A. e Moreau, L. (2001). *Pensando la educación infantil. La sala de bebés*. Barcelona: Octaedro.
- De Pablo, P. e Trueba, B. (1994). *Espacios y recursos para ti, para mí, para todos. Diseñar ambientes en Educación Infantil*. Madrid: Escuela Española.
- Díez, M. C. (2006). *Un diario de clase no del todo pedagógico. Trabajo por proyectos y vida cotidiana en la escuela infantil*. Madrid: Ediciones de la Torre.
- Díez, M. C. (2007). *Mi escuela sabe a naranja: estar y ser en la escuela infantil*. Barcelona: Graó.
- Díez, M. C. (2008). *La oreja verde de la escuela. Trabajo por proyectos y vida cotidiana en la escuela infantil*. Madrid: Ediciones de la Torre.
- Díez, M. C. (2009). *El piso de abajo de la escuela. Los afectos y las emociones en el día a día de la escuela infantil*. Barcelona: Graó.

- Domènech, J. e Viñas, J. (1997). *La organización del espacio y del tiempo en el centro educativo*. Barcelona: Graó.
- Domènech, J. (2009). *Elogio de la educación lenta*. Barcelona: Graó.
- Elliot, J. (2000). *La investigación-acción en educación*. Madrid: Morata.
- Erikson, E. (1976). *Infancia y sociedad*. Buenos Aires: Horn.
- Falk, J. (2008). *Lóczy, educación infantil*. Barcelona: Octaedro.
- Falk, J. e Tardós, A. (2002). *Movimientos libres, actividades autónomas*. Barcelona: Octaedro.
- Ferrer, I. (2012). *La artesanía de la comunicación. Diálogo escucha y lenguaje en la etapa 0-6*. Barcelona: Graó.
- Fichtner, B. (2002). *Un diálogo con el futuro. La aproximación de Vigotski*. Barcelona: Octaedro.
- Fortunati, A. (2006). *La educación de los niños como proyectos de la comunidad: niños, educadores y padres en las escuelas infantiles y en los nuevos servicios para la infancia y la familia*. Barcelona: Octaedro.
- Freinet, C. (1973). *Técnicas Freinet en la escuela moderna*. Madrid: Siglo XXI.
- Froebel, F. (1999). *La educación del hombre*. Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes.
- Fusté, S. e Bonastre, M. (2008). *Psicomotricidad y vida cotidiana (0-3 años)*. Barcelona: Graó.
- Gardner, H. (2001). *Estructuras de la mente. La teoría de las inteligencias múltiples*. México: FCE.
- Gardner, H., Feldman, D.H. e Krechevsky, M. (Comps.) (2000-2001). *El proyecto Spectrum (tomo I): Construir sobre las capacidades infantiles. El proyecto Spectrum (tomo II): actividades de aprendizaje en la educación infantil. El proyecto Spectrum (tomo III): Manual de evaluación para la educación infantil*. Madrid: Morata.
- Geis, A. e Longas, J.(2006). *Dirigir la escuela 0-3*. Barcelona: Graó.
- Gobierno de Navarra (2009). *El proyecto educativo y la propuesta pedagógica en centros de primer ciclo de educación infantil. Guía orientativa para su elaboración*. Pamplona: Departamento de Educación.
- Goldschmied, E. (2000). *La educación infantil de 0-3 años*. Madrid: Morata.
- Goldschmied, E. (2002). *Educar en la escuela infantil*. Barcelona: Octaedro.
- Gopnik, A. (2009). *El filósofo entre pañales*. Barcelona: Temas de hoy.
- Hirsh-Pasek, K. e Michnick, R. (2005). *Einstein nunca memorizó, aprendió jugando*. Madrid: MR Prácticos.
- Imbernón, F. (2007). *10 ideas clave: La formación permanente del profesorado: Nuevas ideas para formar en la innovación y el cambio*. Barcelona: Graó.
- Laguía, M. J. e Vidal, C. (2001). *Rincones de actividad en la escuela infantil (0-6 años)*. Barcelona: Graó.
- Lapierre, A. e Anne L. (1997). *El adulto frente al niño de 0 a 3 años. Relación psicomotriz y formación de la personalidad. Una experiencia vivida en la guardería*. Cie Dossat 2000.
- Lobo, E. (2002). *Educar en los tres primeros años*. Madrid: Teleno.
- López, A. (2007). *14 ideas clave: el trabajo en equipo*. Barcelona: Graó.
- López, F. (Coord.) (2007). *La escuela infantil. Observatorio privilegiado de las desigualdades*. Barcelona: Graó.
- Majem, T. e Ódena, P. (2007). *Descubrir jugando*. Barcelona: Octaedro.
- Malaguzzi, L. (2001). *La educación infantil en Reggio Emilia*. Barcelona: Octaedro.
- Malaguzzi, L. et al. (2005). *Los cien lenguajes de la infancia*. Barcelona: Asociación de Maestros Rosa Sensat.
- Marín, I. et al. (2008). *El placer de jugar de 0-14 años*. Barcelona: Ceac.
- Marina, J. A. (2005). *Aprender a vivir*. Barcelona: Ariel.

- Martín Bris, M. (2010). *Tendencias de la formación permanente del profesorado*. Barcelona: Horsori Editorial.
- Miller, A. (2005). *El cuerpo nunca miente*. España: Tusquets Editores.
- Ministerio de Educación y Ciencia (MEC 2006). *El protagonismo del profesorado: experiencias de aula y propuestas para su formación*. Madrid: Autor.
- MEC (2009). *Una mirada a la educación infantil*. Madrid: Autor.
- Molina, L. e Jiménez, N. (1992). *La escuela infantil. Acción y participación*. Barcelona: Paidós.
- Montessori, M. (1986). *La mente absorbente del niño*. México: Editorial Diana, S. A.
- Montessori, M. (2003). *El método de la pedagogía científica: aplicado a la educación de la infancia*. Madrid: Biblioteca Nueva.
- Organización Mundial de la Salud (1948). *Constitución de la Organización Mundial de la Salud*. Ginebra: autor.
- Paniagua, G. e Palacios, J. (2005). *Educación Infantil. Respuesta educativa ante la diversidad*. Madrid: Alianza editorial.
- Parrilla, A. (1992). *El profesor ante la integración escolar: investigación y formación*. Cincel.
- Parrilla, A. (1996). *Apoyo a la escuela un proceso de colaboración*. Mensajero.
- Piaget, J. (1978). *La equilibración de las estructuras cognitivas: problema central del desarrollo*. Madrid: Siglo Veintiuno.
- Pikler, E. (2000). *Moverse en libertad. Desarrollo de la motricidad global*. Madrid: Narcea Ediciones.
- Red Territorial de Educación Infantil de Cataluña (2009). *La educación de 0 a 6 años hoy*. Barcelona: Octaedro.
- Ritscher, P. (2006). *El jardín de los secretos: organizar y vivir los espacios exteriores en las escuelas*. Barcelona: Octaedro.
- Sanchidrián, C. e Ruiz, J. (Coords.) (2010). *Historia y perspectiva actual de la educación infantil*. Barcelona: Graó.
- Selmi, L. e Turrini, A. (1991). *La escuela infantil a los tres años*. Madrid: Morata.
- Siegel, D. J. e Payne, T. (2012). *El cerebro del niño*. Barcelona: Alba Editorial.
- Spitz, R. A. (1999). *El primer año de vida*. México: Fondo de Cultura Económica de España.
- Stern, D. (1977). *La primera relación: madre hijo*. Madrid: Morata.
- Szanto, A. (2011). *Una mirada adulta sobre el niño en acción*. Argentina: Cinco Ediciones.
- Torres J. (1991). *El curriculum oculto*. Madrid: Morata.
- Vigotsky, L. S. (1979). *El desarrollo de los procesos psicológicos superiores*. Barcelona: Grijalbo.
- Wild, R. (2007). *Calidad de vida: educación y respeto para el crecimiento interior de niños y adolescentes*. Barcelona: Herder Editorial.
- Willis, A. e Aricciut, H. (2000). *Orientaciones para la escuela infantil de cero a dos años*. Madrid: Morata.
- Winnicott, D. W. (1994). *Conozca a su hijo. Psicología de las primeras relaciones entre el bebé y su familia*. Barcelona: Paidós.
- Zimmermann, D. (1987). *Observación y comunicación no verbal en la escuela infantil*. Madrid: Morata.

Artigos

- Aguilera, P., Redín, M. C. e Serrano, A. (2009). Pequeños científicos. *Infancia*, 116, 38-40.
- Arnaiz, V. (1999). Los padres en la escuela infantil, ¿clientes o cooperadores? *Cuadernos de pedagogía*, 282, 35-39.
- Cabanellas, I. e Hoyuelos, A. (1999). Fichas, libros de texto y otras incoherencias escolares. *Infancia*, 55, 29-31.
- Cabanellas, I. e Hoyuelos, A. (2007). Documentar con vídeo. *Aula de infantil*, 39, 23-24.
- Campos, R. (2004). O Pelouro, un espacio vivencial. *Ecos*, 2, 4-7.
- Godall, T., Hoyuelos, A., Palou, S. e Riera, A. (2004). La educación 0-3 años a la luz del conocimiento científico. *Infancia*, 84, 10-13.

- Hoyuelos, A. (1996). El taller de expresión y Loris Malaguzzi. *Infancia*, 37, 13-16.
- Hoyuelos, A. (1999). Algunos significados de la participación. *Infancia*, 53, 23-32.
- Hoyuelos, A. (2003). Centros 0-3: educativos y no asistenciales. *Infancia*, 81, 10-15.
- Hoyuelos, A. (2003). ¿Qué es una escuela infantil?. *Infancia*, 82, 12-15.
- Hoyuelos, A. (2004). La pareja educativa: un reto cultural. *Infancia*, 86, 4-10.
- Hoyuelos, A. (2007). Documentación como narración y argumentación. *Aula de infantil*, 39,5-9.
- Hoyuelos, A. (2008). El puzzle del 0-3. *Infancia*, 110, 12-17.
- Hoyuelos, A. (2008). Los tiempos de la infancia. *Temps per Créixer*, 15-30.
- Hoyuelos, A. e Iturgaiz, P. (2006). Niños, niñas, arte y artistas. *Infancia*, 97, 10-14.
- Izpura, B. e Hoyuelos, A. (2003). La comida, un reto educativo. *Infancia*, 78, 11-16.
- Jansá, E. e Febrer, I. (2011). Empieza la escuela, proceso de familiarización. *Infancia*, 129, 10-17
- López, M. (2011). Barreras que impiden la escuela inclusiva y algunas estrategias para construir una escuela sin exclusiones. *Innovación educativa*, 21, 37-54.
- Maidier, O., Maudit, J. R. e Urdanpilleta, E. (2007). Rompiendo la pared entre las familias y la escuela. *Infancia*, 104, 12-17.
- Malaguzzi, L. (2008). La cocina: centro educativo de la escuela Infantil. *Infancia*, 111, 3-9.
- O Pelouro (1999). La escuela integral. *Planeta Humano*, 17, 54-66.
- Morón, S. (2005). Ideas, reflexiones de la maestra Tere Majen sobre la vinculación de la escuela infantil con las familias. *Infancia*, 92, 8-10.
- O Pelouro (2002). O Pelouro, la emoción de aprender. *Cuadernos de Pedagogía*, 113.
- Ortiz, C. e Serralvo, M. (2013). La documentación, un instrumento para la reflexión y la evaluación. *Infancia*, 131, 40-43.
- Sueiro, F. (2013). O tempo do día a día, a pedagogía pegada á vida. *Revista galega de Educación infantil*, 56, 265-272.
- Ubeira, M. T. e De Llauder, J. J. R. (1998). La vida a "El Pelouro". *Grupo e Funzione Analítica*, 2
- Zabalza, M. (2008). La formación continua del profesorado en un nuevo escenario. Educación: Pensar i Fer desde la colaboración. *Universitas Tarraconensis*, marzo, 161-170.

Lexislación

Asamblea Xeral de Nacións Unidas, 3 de decembro de 1982.

XXIX Asamblea Mundial da Saúde, maio de 1976.

Carta Social Europea, ratificada o 29 de abril de 1980.

Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno, aprobada o 20 de Novembro de 1989 e ratificada por España o 30 de novembro de 1990.

Convenio relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional, aprobado o 29 de maio de 1993 pola Conferencia de La Haya.

Declaración dos Dereitos do Neno, Organización das Nacións Unidas, 20 de novembro de 1959.

Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, Diario Oficial de Galicia, 23 de xuño de 2009, núm. 121.

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, Diario Oficial de Galicia, 5 de maio de 2010, núm. 97.

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia no que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, Diario

Oficial de Galicia, 21 de decembro de 2011, núm. 242.

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, *Boletín Oficial do Estado*, 4 de maio de 2006, núm. 106.

Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, *Boletín Oficial do Estado*, 10 de decembro de 2013, núm. 295.

Orde de 3 de xullo, pola que se aproba o contido mínimo do Regulamento de réxime interior de centros de atención á primeira

infancia pertencentes á Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, Diario Oficial de Galicia, 20 de xullo de 2000, núm. 141.

Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria, *Boletín Oficial do Estado*, 12 de marzo de 2010, núm. 62.



rede de escolas infantís de Galicia

Unha palabra que fundamenta o traballo dos profesionais que nos dedicamos á educación é o RESPECTO.

RESPECTO que comeza no individuo, no neno, no recoñecemento como entidade única. Respectamos se aceptamos, se comprendemos, se valoramos os intereses, ritmos e necesidades, se acompañamos, se compartimos, se establecemos prioridades, se deixamos de lado as etiquetas,... Respetar, agardar para descubrir é sorprenden, é deixarse sorprenden, é ter dispoñibilidade, é aprender a escoitar, oír, mirar, ver, é deixar SER. Educar, respectar é deixarse transformar. Deixémonos transformar...